



Análise económica e empresarial do eixe Bueu-Cangas-Moaña

**PROPOSTAS ESTRATÉXICAS PARA O SEU
DESENVOLVEMENTO**

**Estudos estratéxicos da Eurorrexión
Galicia-Norte de Portugal
Decembro 2010**



EQUIPO DE TRABAJO E SEGUIMIENTO

Confederación de Empresarios de Pontevedra (CEP)

Medardo Arias Prieto
Jesús Castiñeira Diz
Jesús Graña Nogueira
Esther Libia García Méndez
Laura de la Iglesia Pazó

Federación de Comerciantes e Industriais do Morrazo (FECIMO)

Xosé Bangueses García
Mar Lorenzo Gómez
Rodrigo Pastoriza

Asesoramento científico e técnico
Jorge González Gurriarán

ÍNDICE

1.	PRESENTACIÓN.....	5
2.	OBXECTIVOS E METODOLOXÍA.....	6
3.	ÁMBITO XERAL: SITUACIÓN ECONÓMICA.....	8
4.	ÁMBITO ESPECÍFICO: EIXE BUEU-CANGAS-MOAÑA.....	11
4.1.	ANÁLISE DEMOGRÁFICA.....	12
4.2.	SALDOS MIGRATORIOS.....	15
4.3.	EDUCACIÓN E FORMACIÓN.....	17
5.	MERCADO LABORAL.....	19
5.1.	EMPREGO E OCUPACIÓN.....	19
5.2.	PARO.....	22
6.	CENSO EMPRESARIAL.....	25
6.1.	ACTIVIDADES EMPRESARIAIS MÁIS DESTACADAS.....	28
6.1.	AGRO, MAR E INDUSTRIA.....	28
6.1.1.	AGRICULTURA, SILVICULTURA E GANDARÍA.....	28
6.1.1.2.	PESCA, MARISQUEO E ACUICULTURA.....	29
6.1.1.3.	INDUSTRIA DA CONSERVA.....	33
6.1.2.	CONSTRUCCIÓN.....	35
6.1.3.	ESTALEIROS E AUXILIARES DO NAVAL.....	36
6.1.4.	TURISMO, CULTURA E LECER.....	40
6.1.5.	COMERCIO E SERVIZOS.....	43
7.	INFRAESTRUTURAS.....	45
7.1.	INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE.....	45
7.2.	INFRAESTRUTURA PORTUARIA.....	47
7.3.	SOLO INDUSTRIAL.....	49
7.4.	EQUIPAMENTOS.....	50
7.4.1.	EQUIPAMENTO SANITARIO.....	50
7.4.2.	EQUIPAMENTO EDUCATIVO.....	52
7.4.3.	EQUIPAMENTOS TIC.....	53

7.4.4. EQUIPAMENTO PARA OFERTA CULTURAL E DE OCIO	55
8. RESULTADOS ENQUISA EMPRESARIAL	56
8.1. RESULTADOS DA ENQUISA	56
8.2. VALORACIÓNS DA ENQUISA SOBRE SITUACIÓN, EXPECTATIVAS E ACTUACIÓNS DE FUTURO	61
8.2.1. ACCIÓNS URXENTES PROPOSTAS POLOS EMPRESARIOS.....	61
8.2.2. VALORACIÓN DOS FACTORES CRÍTICOS PARA O DESENVOLVEMENTO.....	64
8.2.3. VALORACIÓN ÁMBITOS ESTRATÉXICOS PARA O FUTURO	65
9. DIAGNÓSTICO ESTRATÉXICO RESULTANTE	67
9.1. FORTALEZAS.....	67
9.2. DEBILIDADES	68
9.3. OPORTUNIDADES.....	69
9.4. AMEAZAS.....	71
10. FACTORES CLAVE DO DIAGNÓSTICO ESTRATÉXICO.....	72
11. PROPOSTAS ESTRATÉXICAS PARA A MELLORA DA COMPETITIVIDADE	78
11.1. EIXES ESTRATÉXICOS BÁSICOS.....	78
11.2. PROGRAMAS DE ACTUACIÓN	83
11.2.1. PROGRAMAS TRANSVERSAIS.....	83
11.2.2. PROGRAMAS SECTORIAIS	85
12. VALORACIÓN DAS PROPOSTAS ESTRATÉXICAS NA MESA DE TRABALLO ...	90
12.1. VALORACIÓN DAS PROPOSTAS XERAIS	90
12.2. VALORACIÓN DAS PROPOSTAS ESPECÍFICAS	92
12.3. ACCIÓNS ESPECÍFICAS MÁIS URXENTES QUE REALIZAR	94
13. CONSIDERACIÓN ESPECÍFICA DO CONTEXTO DA EURORREXIÓN GALICIA- NORTE DE PORTUGAL	98
14. ANEXOS	101

1. PRESENTACIÓN

Entre os obxectivos de actuación da Confederación de Empresarios de Pontevedra está detectar e analizar as oportunidades de desenvolvemento e emprego, para impulsar o crecemento sustentable das bisbarras e dos municipios da provincia de Pontevedra. Elaborouse este estudo socioeconómico do eixe Bueu-Cangas-Moaña, como un documento base á hora de emprender calquera iniciativa en relación co desenvolvemento económico da devandita área. Non é un simple inventario de recursos, senón que se tratou de levar a cabo un diagnóstico destes recursos e das súas potencialidades cunha finalidade claramente operativa.

Pretendemos contribuír, con esta información, á análise dos principais parámetros que desde unha perspectiva socioeconómica se poidan transformar no motor de iniciativas económicas, en particular na valoración dos recursos locais cuxo fin último é o desenvolvemento integral e endógeno destas zonas a través do coñecemento da realidade local, como punto de partida no deseño de estratexias dun desenvolvemento equitativo e equilibrado desta zona xeográfica.

Iniciamos esta liña de traballo que supón o comezo dun ciclo de estudos estratéxicos que permite elaborar unha proposta espacial para a eurorrexión, a partir da análise de datos socioeconómicos relevantes.

A xustificación para a realización deste estudo vén determinada pola necesidade de achegarnos á realidade socioeconómica do eixe Bueu-Cangas-Moaña e encadrala nun contexto onde a proximidade existente coa zona norte de Portugal fai inevitable no tempo o incremento das transaccións económicas entre ambas as dúas rexións.

Xosé Bangueses García
Presidente FECIMO

José Manuel Fernández Alvaríño
Presidente CEP

2. OBXECTIVOS E METODOLOXÍA

Vivimos tempos de cambio e de crise. Ante o cambio impónse un axeitado diagnóstico e a definición das liñas de actuación axeitadas. Para iso, é imprescindible coñecer a fondo as bases da estrutura económica e empresarial da área xeográfica de estudo e determinar cales son, hoxe en día e cales poden e deben ser no futuro, os eixes do desenvolvemento económico da zona.

Ademais de mostrar descritivamente a base económica da área de influencia e a de cada un dos seus municipios, sinalaranse as fortalezas así como as debilidades desta, os eixes prioritarios de actuación e as accións principais nas que é necesario incidir, para avanzar tanto no eido económico coma no empresarial.

Para conseguir os obxectivos que persegue este estudo é necesario realizar un diagnóstico socioeconómico dos municipios de Bueu, Cangas e Moaña que identifique as bases sólidas sobre as que poder elaborar un plan integral de actuacións, tras formular programas concretos e primar actuacións.

A metodoloxía que se seguiu para levar a cabo estes obxectivos:

1. Análise documental: análise de fontes oficiais sobre o territorio, a demografía e a economía da área xeográfica. O equipo de traballo desenvolveu un traballo en profundidade sobre o medio local dos concellos a partir de fontes xa publicadas. Ademais, no ámbito da creación de empresas tratouse de facer un estudo específico sobre o sector empresarial no devandito marco.

2. Enquisa empresarial: o lanzamento dunha enquisa empresarial e a análise dos resultados extraídos desta, permitiron coñecer a estrutura e o funcionamento das empresas do eixe de municipios analizados.

3. Mesa de traballo: a mesa estivo formárona entre 10 e 15 empresarios, directivos e axentes económicos dos municipios. Estableceuse un panel de expertos para

contrastar e avaliar os factores clave do diagnóstico, os eixes estratéxicos e debater as propostas de programas de actuación de deseño estratéxico do futuro, que constitúen o elemento clave do proxecto.

En definitiva, tratouse de establecer un conxunto de propostas de actuación para o desenvolvemento da zona, baseadas nunha análise documental e empírica que, tanto no proceso coma nas conclusións para o futuro, sexa compartida directamente polos empresarios.

3. ÁMBITO XERAL: SITUACIÓN ECONÓMICA

Situados, de xeito progresivo, nun sistema de globalización onde a situación económica actual dos países do contorno inflúen, de maneira decisiva, na marcha económica do eixe Bueu-Cangas-Moaña, é correcto realizar unha breve síntese do estado actual da economía mundial.

A crise financeira internacional marcou a evolución da economía internacional desde o mes de agosto de 2007. As turbulencias nos mercados financeiros e as restricións de crédito, unidas a un forte axuste do sector inmobiliario, provocaron a contracción da demanda e do investimento.

O Fondo Monetario Internacional (FMI), na súa base de datos das perspectivas económicas europeas publicadas en outubro de 2010, prevía que o PIB europeo aumentase o 2,3% en 2010 e o 2,2% en 2011, tras unha contracción do 4,6% en 2009.

A economía mundial está a empezar a saír dunha recesión sen precedentes na era posterior á Segunda Guerra Mundial. Pero, a estabilización é desigual, segundo os países, e prevese que a recuperación da actividade económica mundial sexa lenta.

As condicións financeiras melloraron máis do esperado, sobre todo grazas á intervención pública. Os datos recentes indican que o ritmo de contracción da actividade económica se está a moderar, aínda que de forma diferente en cada área xeográfica.

Malia estes feitos positivos, a recesión mundial non rematou e séguese a prever unha recuperación lenta, dada a persistencia de convulsións nos sistemas financeiros, a previsible diminución gradual do apoio proporcionado polas políticas públicas e a reactivación do aforro dos fogares nos países en que os prezos dos activos se derrubaron. A prioridade segue sendo o restablecemento da saúde do sector

financeiro. É necesario seguir prestando o apoio mediante as políticas macroeconómicas e, á vez, preparar o camiño para retirar de xeito ordenado os niveis extraordinarios de intervención pública cando se inicie a senda da recuperación.

A limitación crítica que frea o ritmo da recuperación é a restrición á dispoñibilidade do crédito. En Estados Unidos e, en menor medida, en Europa, as entidades financeiras están a proceder ao recoñecemento de perdas por deterioración de activos. Segundo as proxeccións do FMI e doutros organismos, o repunte será pouco dinámico, cun nivel de crédito restrinxido e, durante un período dilatado de tempo, sen creación de empregos.

O risco máis urxente, nestes momentos, é que persista a debilidade da demanda nas economías avanzadas. Nese caso, as autoridades poden verse enfrontadas á disxuntiva de manter o estímulo fiscal e poñer en risco a sustentabilidade do déficit e da débeda, ou eliminalo paulatinamente, á espera da evolución que vaian mostrando o sector financeiro, a situación fiscal e o sector real da economía.

Ao longo dos últimos trimestres do ano, a economía española mostrou un patrón de menor deterioración, ao deixar atrás as fortes caídas de produción e emprego que se rexistraron ao principio do ano, se ben segue rexistrando datos negativos en ambas as dúas variables e atrasou a súa recuperación respecto aos outros países da zona euro.

España fixo un uso das políticas fiscais contracíclicas moi intensivo e mellorou o ritmo das exportacións debido á recuperación dos mercados destino destas, fundamentalmente os europeos. Pero a atonía da demanda interna continúa motivada, entre outras causas, polo dramático proceso de bloqueo financeiro que tiveron que emprender empresas e familias ante a drástica restrición do crédito por parte das entidades financeiras.

Se realizamos unha breve reflexión sobre a natureza da crise, moitos expertos coinciden na confluencia de varios tipos de crise.

A crise do modelo de crecemento acentúa a ausencia dun crecemento sólido, sostido xerador de verdadeiras expectativas, con problemas de produtividade, competitividade e con baixa cota de participación no comercio internacional. Ademais destas negativas circunstancias, súmase a dependencia do Estado de actividades moi afectadas pola recesión como a excesiva concentración na construción e promoción inmobiliaria, na automoción, no comercio, no turismo e no ocio. O insuficiente desenvolvemento de I+D+i e un sistema educativo moi deficiente son factores importantes que tamén agravan esta situación.

A crise sufrida en canto a valores profunda na inadecuada consideración por parte da sociedade e do universo público da cultura xeral e da formación específica.

Cunha análise máis profunda da crise financeira global pode verse que coa pretensión de evitar a caída da demanda con baixos tipos de xuros, tras ter en conta unha abundancia de liquidez, tendeu a xeneralizar á baixa a aversión ao risco, a caída da taxa de aforro e o exceso de demanda. Por outra parte, a desmedida ambición nos negocios financeiros, nun marco de desregulación bancaria, cargaron o maior peso negativo. Todo isto sumado a un crecemento da demanda de bens inmoables a prezos pouco realistas e a inadecuada avaliación dos riscos asumidos polas entidades financeiras e as axencias de *rating*.

En España, a crise financeira intensificou a crise de modelo de crecemento, destapou claramente a crise de valores e evidenciou unha profunda crise política e institucional que supuxo unha falta de previsión, un diagnóstico estratéxico e unhas medidas estruturadas e planificadas a nivel público. Nestes tempos, a política, a curto prazo, de impulsos e xestos con absoluta carencia de visión estratéxica converteuse nunha característica do Goberno español.

4. ÁMBITO ESPECÍFICO: EIXE BUEU-CANGAS-MOAÑA

O eixe xeográfico Bueu-Cangas-Moaña é unha das áreas máis densamente poboadas e máis dinámica de Galicia. A súa localización, entre dúas importantes áreas urbanas (Vigo e Pontevedra), marcou en boa medida o seu desenvolvemento económico, favorecido polas comunicacións por autovía con Pontevedra ou coa liña regular de transporte marítimo entre Vigo, Cangas e Moaña.

Todos os recursos endóxeos desta área xeográfica, coas súas especiais características de clima, relevo e fertilidade das súas terras, posibilitan a existencia dunha economía diversificada, que facilita á súa vez a positiva dinámica demográfica e elevada densidade de poboación da bisbarra.

Pero ademais da súa localización, estes tres municipios contan cunha importante riqueza endóxena baseada no mar e nos seus recursos pesqueiros.

Nos portos de Bueu, Cangas e Moaña, predomina a pesca de baixura, aínda que tamén hai barcos dedicados á pesca de altura. Pero, sobre todo, hai que destacar a importancia dos cultivos mariños centrada nos criadeiros de mexillón e, máis recentemente, de polbo e rodaballo, en gaiolas fondeadas na Ría.

Ao redor destes portos móvese un importante volume de negocio. Destacan, dentro do tecido empresarial, as empresas pesqueiras, tanto polo emprego xerado como polo seu volume de facturación, que as sitúan nos principais postos de empresas a nivel rexional.

Paralelamente, a industria da conserva e a dos conxelados, así como os estaleiros, son tamén sectores básicos na economía da zona, que se localizan, preferentemente, as primeiras en Bueu e Cangas, e os segundos en Moaña. Complementan este tecido empresarial outras actividades, como as relacionadas coa cordoaría e coas redes, coa

elaboración de produtos cárnicos, coa fabricación de estruturas de metal, cos serradoiros etc.

Outro pilar básico da economía destes municipios é o sector terciario, que se perfila como o que maior poboación ocupa, e cunha actividade que se centra fundamentalmente no comercio, nos transportes, no turismo, no ocio e derivados. Estes sectores constitúen, tamén, importantes actividades especialmente durante os meses de verán. Todas estas actividades converten a zona nun destacado enclave polas súas praias, pola súa gastronomía, polo seu patrimonio cultural, arquitectónico e paisaxístico, polos seus deportes náuticos etc. ademais da influencia directa da proximidade das cidades de Vigo e Pontevedra que potencian a utilización da área como segunda e, no seu caso, primeira residencia.

4.1. ANÁLISE DEMOGRÁFICA

O municipio de Cangas está situado no extremo sudoeste da península do Morrazo, que conforma a ría de Vigo e de Pontevedra ao sudoeste da comunidade autónoma e da provincia. A súa superficie é de 38'1 km². Este municipio está composto por cinco parroquias: Coiro, Aldán, Cangas, Hío e Darbo. Destas parroquias a máis pequena é a de Cangas que agrupa o núcleo urbano, xunto coa periferia de Darbo e Coiro que rodean a Cangas. A poboación do municipio distribúese, na maior parte, moi dispersa e en casas unifamiliares.


Bueu está situado na marxe norte da península do Morrazo. A súa superficie é duns 31 km². Este municipio está formado por cinco parroquias: Beluso (Santa María), Bueu (San Martiño), Cela (Santa María), Ermelo (Santiago), e a illa de Ons (San Xaquín).

Moaña está situado no sudoeste da bisbarra do Morrazo. A extensión do municipio é de 31,5 km². No seu termo sitúase a maior elevación do Morrazo, o monte Faro de

Domaio, de 624 m de altitude. Moaña está composta por catro parroquias: Domaio, Meira, Moaña e Tirán.

Segundo o Instituto Galego de Estatística (IGE), no ano 2009, a poboación conxunta destes tres municipios era de 57.093 habitantes, repartida en 28.159 homes e 28.934 mulleres, cunha densidade de poboación de 548,4 hab./km², moi superior á media galega (94,5 hab./km²).

Na seguinte figura, obsérvase a evolución das cifras de poboación no eixe Cangas-Bueu-Moaña desde o ano 1981 e advírtese o importante incremento experimentado nos últimos anos.



Evolución da poboación do eixe Bueu-Cangas-Moaña 1981-2009
Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE


Neste período de 28 anos, desde 1981, a poboación destes municipios creceu un 10%, algo menos que no conxunto da bisbarra, pero por enriba do conxunto da provincia e de Galicia, onde, neste mesmo período, caeu un 1%.

	1981	2008	2009	2009/08	2009/1981
Galicia	2.811.912	2.784.169	2.796.089	0%	-1%
Pontevedra	883.267	953.400	959.764	1%	9%
Comarca do Morrazo	75.169	82.500	83.062	1%	11%
Eixe Bueu-Cangas-Moaña	51.991	56.621	57.093	1%	10%
Bueu	12.154	12.375	12.331	0%	1%
Cangas	21.983	25.537	25.748	1%	17%
Moaña	17.854	18.709	19.014	2%	6%

Poboación por municipios da comarca do Morrazo
Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

O incremento de poboación experimentado en 2009 respecto a 2008 foi dun 1%, crecemento moi similar ao ámbito máis próximo.

En canto á estrutura por idades, como se aprecia no gráfico seguinte, a poboación do municipio é relativamente nova con respecto aos parámetros habituais en Galicia, cun 70,44% da poboación entre 16 e 64 anos.



Pirámide de poboación do eixe Bueu-Cangas-Moaña (2009). Fonte: IGE

A idade media da poboación do municipio é de 41,2 anos, 39,8 para os homes e 42,60 para as mulleres, máis lonxevas estas últimas. É unha poboación nova, cun índice de envellecemento do 88,5 en 2008, que garante o relevo xeracional, e cunhas taxas de natalidade e mortalidade, 9,5 e 8,1 por cada mil habitantes, na media das sociedades occidentais.

Polo demais, a estrutura da poboación correspóndese co esquema de poboación típico dos países occidentais, cunha lixeira tendencia ao envellecemento e cun reducido número de fillos por muller, pero con cifras máis positivas que as do seu ámbito máis próximo (maior índices de infancia e mocidade e menor índice de envellecemento), tanto a nivel provincial como autonómico.


	Galicia	Pontevedra	O Morrazo
Idade media	44,6	42,4	41,2
Homes	42,9	40,7	39,8
Mulleres	46,2	44,1	42,6
% poboación menor de 20 anos	15,8	17,7	18,4
% poboación entre 20 e 64 anos	62,5	64,1	65,2
% poboación de 65 e máis anos	21,7	18,2	16,3
Índice de envellecemento	136,7	103	88,5
Índice de sobreenvellecemento	13,8	12,9	11
Índice de dependencia global	60	56	53,3
Índice de dependencia xuvenil	25,3	27,6	28,3
Índice de dependencia senil	34,6	28,4	25

Indicadores demográficos de 2008. Fonte: IGE

4.2. SALDOS MIGRATORIOS

Como xa se puxo de relevo, a poboación do eixe Bueu-Cangas-Moaña experimentou un notable crecemento nos últimos anos, cun aumento entre 1981 e 2009 de 5102 habitantes. Deste aumento, tan só o 6% se debe ao saldo migratorio positivo, que no ano 2009 foi de 305.

A evolución dos saldos migratorios, nesta área, foi desde o ano 1999 de carácter positivo e ascendente, tal e como se pode ver no gráfico seguinte.




Evolución saldo migratorio 1990-2009. Fonte: IGE

O saldo migratorio tivo, nas últimas décadas, moitas fluctuacións. Tal é así, que agora entrou nunha tendencia baixista e, non obstante, ata hai tres anos, tivera o máis alto das dúas últimas décadas. Este feito débese ao gran movemento que existe de

traballadores, maioritariamente procedentes da área metropolitana de Vigo, que entran e saen da zona e provocan cambios importantes no saldo migratorio.

O aspecto correspondente á inmigración é importante analizalo en profundidade, xa que é probable que, a medio e longo prazo, sexa clave para a recuperación da natalidade. No eixe xeográfico, na actualidade, a poboación inmigrante (datos de 2009) representa o 2,9% da poboación total.

A maioría dos inmigrantes proceden da mesma provincia (58%), seguido de inmigrantes procedentes doutra comunidade autónoma (24%). Ademais, é relevante a porcentaxe de inmigrantes procedentes do estranxeiro (11%).



Inmigración segundo o tipo de migración 2010-2009 Fonte: IGE

A evolución da inmigración, nas últimas dúas décadas, tivo unha tendencia ascendente no eixe xeográfico estudado e, no ano 2001, comezaba un aumento importante sen precedentes que pararía en 2003 para manterse ata a actualidade, cun lixeiro descenso. A maior porcentaxe de inmigrantes estranxeiros corresponde a portugueses, a marroquís e a romaneses. Esta poboación traballa, fundamentalmente, na pesca e na construción naval.

No que respecta á emigración, obsérvase un destino preferente cara a mesma provincia (74,2%), seguido da emigración cara outra comunidade autónoma (17,7%). A emigración ao estranxeiro é pequena (8,1%), pero, aínda, supón unha cifra significativa.

En canto á evolución de emigración e inmigración, pódense observar pautas diferentes. O número de inmigrantes experimentou un notable incremento entre os anos 2001 e 2003, para nos anos seguintes manterse nuns niveis bastante altos aínda que cun lixeiro descenso no número de efectivos. O número de emigrantes, en cambio, mostra, ao longo da última década, un incremento constante que non se detivo nos últimos anos.

4.3. EDUCACIÓN E FORMACIÓN

Tal e como se pode observar na seguinte táboa, o nivel de estudos da poboación de 16 ou máis anos dos municipios obxecto de estudo é baixo en termos relativos, se se compara cos datos do ámbito máis próximo.

	Galicia	Pontevedra	Comarca do Morrazo	Eixe Bueu-Cangas-Moaña	36004 Bueu	36008 Cangas	36029 Moaña
Non saben ler ou escribir	2,1%	1,8%	2,7%	2,9%	3,6%	2,7%	2,8%
Menos de cinco anos de escolarización	16,3%	13,0%	14,2%	15,1%	14,6%	14,0%	16,8%
Sen completar bacharelato elemental, ESO ou EXB	26,6%	28,3%	28,9%	28,7%	27,8%	27,1%	31,4%
Bacharelato elemental, ESO o EGB completo	25,1%	27,2%	27,0%	26,0%	24,1%	27,3%	25,5%
Bacharelato superior BUP/LOXSE, COU/PREU	11,3%	11,3%	9,3%	8,3%	8,0%	9,4%	7,1%
FPI, FP grao medio, Oficialía industrial	3,3%	3,5%	3,6%	4,1%	3,2%	4,5%	4,2%
FPII, FP grao superior, Maestría industrial	4,6%	4,8%	6,9%	7,6%	11,4%	7,1%	5,9%
Diplomatura, Arquitectura, Enxeñaría Técnica	5,4%	5,1%	4,3%	4,1%	3,9%	4,5%	3,7%
Licenciatura, Arquitectura, Enxeñaría Superior	5,0%	4,8%	3,0%	3,1%	3,5%	3,3%	2,3%
Doutorado	0,3%	0,3%	0,1%	0,1%	0,1%	0,1%	0,1%

Comparativa do nivel de estudos da poboación de 16 ou máis anos

Fonte: IGE, censo de poboación e de vivendas en 2001

Así, segundo o censo de poboación e vivendas de 2001, case un 47% non ten o bacharelato elemental, ESO ou EXB completado e ascende ao 15% a porcentaxe da poboación de 16 ou máis anos con menos de cinco anos de escolarización.

Na seguinte táboa, compárase o nivel educativo e o nivel de instrución de persoas tituladas de ensino secundario e/ou universitaria, no eixe Bueu-Cangas-Moaña co existente no seu ámbito.

	%
Galicia	56,80%
Provincia de Pontevedra	59,40%
Comarca do Morrazo	56,00%
Eixe Cangas-Bueu-Moaña	54,93%
Cangas	58,40%
Bueu	55,50%
Moaña	50,90%


Nivel educativo comparado en 2007
Fonte: Atlas Socioeconómico de Galicia 2009, Caixanova

Estes datos indican uns niveis educativos inferiores, fronte ao conxunto de Galicia, da provincia de Pontevedra e do total da bisbarra do Morrazo. Un 53% da poboación de 16 ou máis anos ten estudos secundarios, a maioría deles correspondentes ao nivel de bacharelato elemental, ESO ou EXB, e só un 11% deles con formación profesional.

5. MERCADO LABORAL

5.1. EMPREGO E OCUPACIÓN


Na seguinte figura, obsérvase como se distribúe a poboación de 16 ou máis anos dos municipios de Bueu, Cangas e Moaña segundo a súa relación coa actividade económica. Como se pode observar, arredor do 54% da poboación de 16 ou máis anos é activa. Así, o conxunto dos tres municipios, presenta unha taxa de actividade por enriba do conxunto da bisbarra, da provincia de Pontevedra e, sobre todo, do total de Galicia.



Taxa de actividade comparada, en 2001
Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

Se analizamos, en maior profundidade, cal é a situación da poboación inactiva, obsérvase que máis do 46% desta obtén algún tipo de pensión. O 36,2% dos inactivos están xubilados, é dicir, tiveron unha actividade económica anterior e, pola súa idade ou outras causas, abandonárona e teñen como medio de vida as pensións obtidas con motivo da súa actividade anterior, e un 13,7% son pensionistas, é dicir, reciben unha pensión distinta á de xubilación ou prexubilación. Ademais, pódese observar como

máis do 22,4% das persoas inactivas está a estudar e como un 27,8% se dedica a tarefas do fogar.



Distribución da poboación inactiva, en 2001
Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

Esta distribución das persoas inactivas difire, en boa medida, da existente no conxunto de Galicia e responde a variables explicadas con anterioridade. Así, na seguinte táboa obsérvase como a porcentaxe de inactivos que se dedica a tarefas do fogar é moi superior á de Galicia, o que está asociado coa baixa taxa de actividade das mulleres nesta zona. Tamén se observa a diferenza que existe entre a porcentaxe de xubilados e de estudantes, o que se explica pola estrutura da poboación.

	Galicia	Pontevedra	Comarca do Morrazo	Eixe Cangas-Bueu-Moaña
Xubilados	39,1%	33,9%	30,5%	32,6%
Pensionistas	13,6%	14,0%	13,5%	13,7%
Estudantes	18,5%	21,0%	22,8%	22,4%
Tarefas do fogar	23,7%	26,6%	29,8%	27,8%
Outra situación	5,1%	4,6%	3,3%	3,4%

Distribución da poboación inactiva comparada
Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE


No que se refire ao case 54% da poboación de 16 ou máis anos que se considera activa no eixe Bueu-Cangas-Moaña repártese entre ocupados e parados, tal e como se observa na seguinte figura. Así, case o 88% da poboación activa estaba ocupada no ano 2001, porcentaxe similar ao existente no conxunto da bisbarra da provincia de Pontevedra e en Galicia.

	Galicia	Pontevedra	Comarca do Morrazo	Eixe Cangas-Bueu-Moaña
Ocupados	87,5%	87,1%	87,8%	87,5%
Parados	12,5%	12,9%	12,2%	12,5%

Distribución da poboación activa comparada

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

Tal e como se pode observar na figura seguinte, case o 17% das persoas ocupadas son empresarios ou persoas traballadoras por conta propia, unha porcentaxe inferior á do conxunto de Galicia (22%). Destes empresarios ou persoas traballadoras por conta propia o 63% non teñen empregados, porcentaxe similar ao de toda a comunidade autónoma.



Distribución da poboación ocupada segundo a súa situación profesional, en 2001

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

Ademais, case un 80% das persoas ocupadas son persoas asalariables ou persoas traballadoras por conta allea e están o 49% deles empregados con carácter eventual. Esta porcentaxe é moi superior á do conxunto de Galicia, onde son eventuais arredor do 37% das persoas asalariables.

Este nivel de precariedade é cada vez maior. Así, os datos de contratación do ano 2009, reflicten que o 87% dos contratos realizados ese ano foron temporais.

5.2. PARO


Na seguinte táboa, preséntase a taxa de paro en porcentaxe distribuída por sexos nos tres municipios, así como o conxunto da provincia e da comunidade:

	Total (%)	Homes (%)	Mulleres (%)
Bueu	9,5	8,1	10,7
Cangas	10,8	9,1	12,4
Moaña	11,8	10,2	13,4
Eixe Bueu-Cangas-Moaña	10,7	9,1	12,2
O Morrazo	10,4	9,1	11,6
Pontevedra	9,4	8,8	10
Galicia	8,4	7,8	8,9

Fonte: *Atlas socioeconómico de Galicia 2009, Instituto de Desarrollo Caixanova*

Segundo os últimos datos dispoñibles de 2009, o conxunto do eixe soporta unha maior taxa de paro tanto a nivel provincial como autonómico. O municipio que máis contribúe ás devanditas cifras é Moaña, tras observar como a porcentaxe de mulleres desempregadas é moito maior que a de homes.

Ao falar de paro nesta zona, debe destacarse a estacionalidade do emprego no eixe xeográfico. Así, tras analizar a serie de datos de paro mensual rexistrado, correspondente ao período 2001-2010, pódese observar, na seguinte figura, como o número de persoas desempregadas empeza a diminuír, de maneira notable, a partir do mes de maio e, así, alcanza os seus mínimos en xullo e agosto, comeza a repuntar a partir de setembro e alcanza, sempre, os valores máximos en decembro.



	Cangas			Bueu			Moaña			Eixe Cangas-Bueu-Moaña		
	Media xuño- agosto	media resto ano	Variación estival	Media xuño- agosto	media resto ano	Variación estival	Media xuño- agosto	media resto ano	Variación estival	media xuño- agosto	Media Resto ano	Variación estival
2001	375	465	19%	1.121	1.231	9%	946	1.015	7%	2.441	2.710	10%
2002	514	547	6%	1.354	1.489	9%	1.076	1.142	6%	2.944	3.178	7%
2003	492	574	14%	1.323	1.505	12%	1.057	1.261	16%	2.871	3.339	14%
2004	523	622	16%	1.516	1.664	9%	1.129	1.267	11%	3.168	3.554	11%
2005	653	699	7%	1.834	1.939	5%	1.318	1.404	6%	3.804	4.042	6%
2006	591	709	17%	1.741	1.965	11%	1.176	1.325	11%	3.508	3.999	12%
2007	530	647	18%	1.684	1.865	10%	1.176	1.283	8%	3.389	3.795	11%
2008	617	753	18%	1.805	2.036	11%	1.342	1.444	7%	3.764	4.232	11%
2009	836	969	14%	2.229	2.479	10%	1.795	1.921	7%	4.860	5.368	9%
2010	906	1.059	14%	2.456	2.752	11%	1.876	2.148	13%	5.238	5.958	12%

*Paro mensual rexistrado no eixe Cangas-Bueu-Moaña, 2001-2010
Elaboración propia a partir de datos do IGE*

Este patrón repítese ano tras ano, se ben é máis incitante no municipio de Cangas, onde o peso da actividade turística é maior e, polo tanto, favorece o compoñente de estacionalidade e mostra un mellor comportamento durante a tempada estival.

Nos últimos anos, o paro rexistrado, na área xeográfica estudada, aumentou case un 87%, unha cifra moi elevada e moi por enriba dos incrementos experimentados na bisbarra, na provincia e no conxunto de Galicia. Este elevado aumento no número de parados débese á situación de crise económica que se vén padecendo a nivel internacional desde 2007, se ben os aumentos na cifra de parados non empezaron a aumentar de forma preocupante ata o ano 2008.

	Parados 2001	Parados 2009	Taxa de variación 2001-2009
Galicia	147.972	222.839	50,60%
Pontevedra	53.144	87.209	64,10%
Comarca O Morrazo	4.335	8.130	87,54%
Eixe Bueu-Cangas-Moaña	3.104	5.783	86,31%
Bueu	498	1.014	103,61%
Cangas	1.374	2.714	97,53%
Moaña	1.232	2.055	66,80%

Evolución do paro rexistrado comparado

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia

O sector máis afectado por este importante incremento nas cifras de paro é, ao igual que no resto de Galicia, o da construción. O segundo sector no que máis creceu o número de parados é o da industria, seguido do sector servizos. Os outros dous colectivos, o de agricultura e gandería e o de sen emprego anterior, mesmo mellorou no conxunto dos tres concellos.

	Incremento 2007-2009					
	Taxa de paro 2009	Agricultura Gandería	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior
Galicia	12,88%	26,99%	43,09%	113,83%	42,35%	2,09%
Pontevedra	15,42%	17,76%	56,90%	144,09%	49,42%	8,14%
Comarca O Morrazo	13,96%	-4,34%	75,82%	118,94%	-19,04%	-8,98%
Eixe Bueu-Cangas-Moaña	14,38%	-6,10%	78,68%	140,26%	45,82%	-3,74%
Bueu	11,91%	-19,70%	92,21%	197,87%	53,80%	-0,87%
Cangas	14,81%	-2,02%	55,90%	133,33%	44,02%	-11,18%
Moaña	15,36%	4,17%	103,10%	125,83%	44,73%	9,87%

% variación 2009/2007 do paro rexistrado por sector produtivo

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Inem

6. CENSO EMPRESARIAL

A tipoloxía das actividades incluídas no censo de empresas do Instituto Galego de Estatística (IGE) de Bueu-Cangas-Moaña estrutúrase ao redor de tres grandes agrupacións de actividades.

Por número de empresas, o sector do comercio e o sector dos servizos son a principal actividade; seguido da construción e auxiliares, sector sumido nun profundo axuste sectorial; hostalaría e turismo e mar e industria englobarían o resto de actividades dos tres municipios.

	BUEU	CANGAS	MOAÑA	TOTAL
Total	710	1.602	1.197	3.509
2 Industria, incluída enerxía	47	103	112	262
B INDUSTRIAS EXTRACTIVAS	1	2	0	3
C INDUSTRIA MANUFACTUREIRA	46	87	108	241
D ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, VAPOR E AIRE ACONDICIONADO	0	1	2	3
E AUGA, ACTIVIDADES DE SANEAMENTO, XESTIÓN DE RESIDUOS E DESCONTAMINACIÓN	0	13	2	15
3 Construción	142	268	273	683
F CONSTRUCIÓN	142	268	273	683
4 Servizos	521	1231	812	2564
G COMERCIO; REPARACIÓN DE VEHÍCULOS DE MOTOR E MOTOCICLETAS	219	524	362	1105
H TRANSPORTE E ALMACENAMENTO	31	50	36	117
I HOSTALARÍA	94	210	127	431
J INFORMACIÓN E COMUNICACIONES	9	13	7	29
K ACTIVIDADES FINANCEIRAS E DE SEGUROS	11	24	14	49
L ACTIVIDADES INMOBILIARIAS	9	42	24	75
M ACTIVIDADES PROFESIONAIS, CIENTÍFICAS E TÉCNICAS	47	120	65	232
N ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS AUXILIARES	30	48	44	122
P EDUCACIÓN	8	33	14	55
Q ACTIVIDADES SANITARIAS E DE SERVIZOS SOCIAIS	14	53	32	99
R ACTIVIDADES ARTÍSTICAS, RECREATIVAS E DE ENTRETENEMENTO	13	30	21	64
S OUTROS SERVIZOS	36	84	66	186


*Explotación do directorio de empresas e unidades locais
Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE*

O comercio destes municipios é maioritariamente retallista e evoluciona cara á creación dun centro comercial aberto, concibido como unha agrupación espacial de establecementos comerciais, de restauración, de ocio e socioculturais, nun ámbito urbano, xeralmente nas zonas antigas das vilas.

Dentro da actividade industrial, hai que diferenciar entre a actividade construtora, sometida a un forte axuste sectorial, e o resto de actividades, centradas fundamentalmente na transformación dos produtos do mar, que constitúen, xunto ao turismo, un dos piares fundamentais da economía desta zona.

O sector turístico ten un potencial enorme, xa que se encontra escasamente desenvolvido, en función das súas auténticas posibilidades. Os servizos de aloxamento teñen unha marxe considerable de crecemento. Non é así mentres que a oferta de restauración é máis variada, aínda que escasamente profesionalizada, dada a súa reducida dimensión.

Nunha análise máis detallada, as actividades máis representativas da área xeográfica Bueu-Cangas-Moaña son, desde o punto de vista do número de empresas, a construción e a promoción inmobiliaria (37%), o comercio (22%), o turismo, ocio e cultura (8%); desde o punto de vista do número de persoas empregadas, as actividades máis importantes son a construción (24%), seguida de agro, o mar, a industria (18%) e o comercio (17%). Se atendemos á facturación, o comercio lidera a táboa clasificatoria cun 34%, despois o agro, o mar, a industria (22%) e, por último, a construción (19%).



Demografía empresarial de Cangas, Bueu, Moaña
 Fonte: SABI (Sistema de Análisis de Balances Ibéricos)

O sector do agro, do mar e da industria destaca tanto polos postos de traballo que ofrece coma por ser o segundo sector en termos de facturación, xa que polas características do tipo de sector ao que nos referimos engloba unha maior tipoloxía de actividades (agricultura, gandaría, pesca, marisqueo, acuicultura e industria conserveira). Son estas as actividades relacionadas coa tradición existente, nestes municipios, ligadas desde sempre ao mar e a todos os recursos que teñan que ver con el. No seu propio capítulo, realizarase unha análise máis específica de cada actividade coas súas propias características.

O sector do comercio para o eixe Bueu-Cangas-Moaña, aínda a pesar de que non sexa o sector que teña o maior número de empresas ou que non sexa o máis destacado en número de empregados, resulta o máis eficiente en termos de facturación para os resultados totais. O comercio por xunto de peixes e mariscos e outros produtos alimenticios ou o comercio ao por maior de madeira, materiais de construción e aparatos sanitarios acaparan o maior número de empresas para este sector.

O sector da construción e da promoción inmobiliaria, ata os últimos datos rexistrados en 2007 polo Sistema de Análise e de Balances Ibéricos (SABI), foi o sector máis favorecido en termos de número de empresas existentes e número de empregados. Non obstante, se temos en conta a evolución dos anos posteriores a 2007 coa aparición da crise que, actualmente, está a atravesar a economía tamén foi o sector máis afectado e aumentou as súas cifras en número de persoas desempregadas o que provocou que os datos para este sector fosen a peor, polo que, na actualidade non goce de resultados positivos.

O sector do turismo, do ocio e da cultura engloba un conxunto de actividades que resalta polo número de empresas instaladas no eixe, sobre todo restaurantes e establecementos de comidas e bebidas. Isto trátase dunha cuestión ligada ao auxe das actividades deste tipo na zona; por outro lado, débese destacar a pouca

dispoñibilidade de oferta para o aloxamento. É un sector que no futuro, coa axeitada explotación, podería chegar a dar grandes resultados, sobre todo para enfocar este sector cara a un ámbito relacionado co goce do mar e da costa, fortes calidades que posúen estes concellos.

Fonte: SABI (Sist.Análisis Balances Ibéricos) - Ctas. Anuais RM 2007 Empresas máis significativas

	Nº Empresas na mostra	Nº Empregados	Ingresos Explotación (Miles €) (1)	Rtdos. Ordinarios AntesImptos. (Miles €) (2)	Rtdo. Exercicio (Miles €) (3)	Variac. Cifra Vdas. %	Produtivida de (4)	Rendabilidad e Económica (5)	Rendabilidad e Financeira (6)	Endebedamento % (7)
Coruña, A	20.234	200.629	34.080.712	2.425.996	3.308.853	14,63	5,43	2,44	8,79	74,21
Lugo	6.023	38.224	6.111.523	203.234	176.518	15,82	5,26	1,51	5,90	69,95
Ourense	5.514	33.579	5.287.155	240.309	212.926	18,60	4,34	0,83	6,04	62,39
Pontevedra	20.840	143.295	23.017.137	980.863	792.937	16,74	4,92	1,45	4,96	72,17
Morrazo, O	1.255	7.203	1.127.919	36.423	36.281	16,13	5,60	3,41	13,97	77,28
Bueu	182	822	110.925	10.306	8.867	28,38	5,08	7,76	29,42	73,64
Cangas	391	2.016	259.703	9.541	8.967	7,48	4,65	2,42	9,81	75,37
Moaña	337	1.918	220.938	1.853	2.553	1,76	4,44	1,03	5,89	82,57

(1) Ingresos da Conta de Explotación - Importe neto cifra de negocios: vendas netas e prestación de servizos

(2)(3) Rtdo.Explotac.+Rtdo.Finº=Rtdo.Acts.Ordinarias+Rtdo.Acts.Extraordinarias=Rtdo.AntesImptos.-Imptos.=Rtdo.Exercicio

(4) (CV+Outros Ingresos-Consum.Explotac.-Outros Gtos.Explotac.)/Gtos.Persoal

(5) Rendab.Ecº=(Rtdo./Total Activo)*100

(6) Rendab.Finº=(Rtdo./Fondos Propios)*100

(7) Endebedamentoº=(Total Pasivo-Fondos Propios)/Total Pasivo)*100

6.1. ACTIVIDADES EMPRESARIAIS MÁIS DESTACADAS

6.1. AGRO, MAR E INDUSTRIA

6.1.1. AGRICULTURA, SILVICULTURA E GANDARÍA

Tanto a agricultura como a gandaría do eixe Cangas-Bueu-Moaña non representan a actividade principal, posto que son a pesca e o marisqueo as actividades máis relevantes tradicionalmente. Non obstante, a agricultura ocupa a un 17,72% da poboación activa, cuxa achega máis significativa a realiza a área de Bueu.

Esta situación é similar no caso do número de empresas adheridas á devandita actividade, xa que defire en, practicamente, nove puntos porcentuais sobre os demais concellos.

O seguinte cadro reflicte a participación do sector agrícola en función das áreas xeográficas e do número de empresas:

Área xeográfica	% traballadores do sector agrícola	% empresas agrícolas
Bueu	23,82%	26,52%
Cangas	14,64%	17,26%
Moaña	14,70%	15,16%
Eixe Bueu-Cangas-Moaña	17,72%	19,65%
Comarca do Morrazo	15,81%	17,27%

Fonte: elaboración propia a partir de datos económicos e sociais de Caja España (datos de 2009)

Como se pode observar no cadro, o eixe Bueu-Cangas-Moaña, en relación ao conxunto da comarca do Morrazo, é superior en máis de dous puntos porcentuais con respecto a este último polo que o municipio de Marín non exerce, practicamente, influencia neste sector.

Sobre a distribución xeral de terras, cabe destacar a predominante superficie forestal que supón o 36,18% do total de superficie no conxunto dos tres concellos. Conta con 13 montes e cunha superficie declarada de 2 534,68 hectáreas, seguida dun 27,27% de pastos e, por último, entre as explotacións leñosas que posúe, as máis destacadas son os froiteiros e os viñedos. Os principais grupos de cultivo son o gran de millo e a col de forraxe para o gando.

No que respecta á gandería, as explotacións máis frecuentes son as de vacún que alcanza as 62 explotacións deste tipo entre os tres municipios compoñentes do eixe. A zona xeográfica máis dada a este tipo de actividade é a de Bueu, cunha media de tres vacas por explotación.

Tanto a agricultura coma a gandería supoñen actividades dedicadas ao autoconsumo cuxa mera importancia consiste en comercializar os excedentes nos mercados da bisbarra e contribuír no seu caso como actividade laboral secundaria.

6.1.1.2. PESCA, MARISQUEO E ACUICULTURA

A pesca xunto coas actividades de marisqueo e acuicultura representan unha parte do sector primario que foi desde sempre tradicional no conxunto galego, sobre todo pola riqueza dos recursos mariños de que dispón, debido á excelente localización

xeográfica desta comunidade co océano Atlántico ao oeste e o mar Cantábrico ao norte.

Ademais da súa longa tradición, Galicia álzase cun gran liderado entre estas actividades que supoñen unha achega en termos de valor do 15% da produción extractiva do conxunto da Unión Europea dos 27 países.

Os seguintes datos mostran, en puntos porcentuais, o peso relativo do sector respecto ao PIB, considerando a pesca e a acuicultura:

<i>UE-27</i>	<i>España</i>	<i>Galicia</i>
<i>0,05</i>	<i>0,2</i>	<i>1,27</i>

Valor engadido pesca e agricultura / PIB (%)

Fonte: Informe 2009 economía galega, Fundación Caixa Galicia

De xeito claro, obsérvase que o peso deste sector na Comunidade Autónoma galega é, con gran diferenza, moito máis significativo en comparación ao do conxunto español ou do europeo dos 27 e é, mesmo, 25 veces superior á media europea e pouco máis de seis veces da española.

Un dos principais motivos que contribúe a esta característica sectorial galega é a importancia do porto de Vigo, polo que circulan a maioría dos produtos pesqueiros que se consumen en España e, á súa vez, representa o principal mercado mundial de produtos de pesca. O volume negociado, só por esta lonxa, ascende a 31 250 347,08 kg e a 86 682 929,13 € segundo os datos da Consellería do Mar da Xunta de Galicia para 2010.

En canto ao eixe Bueu-Cangas-Moaña, estes municipios lindan tanto coa ría de Vigo coma coa ría de Pontevedra, polo que as súas lonxas son as máis representativas da zona, despois da lonxa de Vigo seguida da de Marín-Pontevedra. O eixe conta coa achega da lonxa de Bueu (a máis importante), a lonxa de Cangas, a de Moaña e por último a de Aldán-Hío (situada no municipio de Cangas), nomeadas por orde de importancia segundo o volume de euros negociados nestas.

A continuación, detállanse tanto o volume de quilogramos negociados coma o importe das negociacións en euros das lonxas da bisbarra, en relación co conxunto da provincia e Galicia:

	Peso (kg)	Valor en €
Lonxa Bueu	864 056,78	2 678 631,38
Aldán-Hío	87 638,16	400 344,82
Moaña	143 293,55	1 007 403,17
Cangas	352 329,08	1 893 456,08
Marín	1 382 192,55	2 964 956,41
Provincia Pontevedra ¹	40 493 038,42	129 653 679,72
Galicia	151 914 537,51	346 275 609,06

¹ Sen incluír os datos da zona I Comarca de Vigo

Fonte: Consellería do Mar da Xunta de Galicia datos xaneiro e outubro de 2010

A lonxa máis importante na comarca do Morrazo é a de Marín, non obstante, se temos en conta só os municipios do eixe Bueu-Cangas-Moaña a lonxa máis destacable é a de Bueu con gran diferenza con respecto ás outras tres restantes, tanto en volume de quilogramos de peixe como no valor en euros. A seguinte é a de Cangas que supera no dobre de quilogramos negociados á de Moaña e a multiplica por catro se a comparamos coa de Aldán-Hío que é a lonxa máis reducida como se apuntou anteriormente.

Se analizamos a participación do eixe con respecto á provincia de Pontevedra, sen ter en conta a zona comarcal de Vigo que desvirtuaría os datos en relación ao conxunto da provincia, as localidades de Bueu-Cangas-Moaña non son moi significativas neste sector en canto á súa participación no conxunto, se temos en conta que as súas catro lonxas moven uns valores similares á lonxa de Marín por si soa.

Segundo os datos do SABI de 2007 este sector de pesca e acuicultura representa o 5,3% das empresas do eixe Bueu-Cangas-Moaña, que xera o 11,1% do emprego e produce case o 12% da facturación.

Se tratamos o predominio das especies máis negociadas nas lonxas do eixe destaca sobre todo o polbo, o maior volume deste molusco prodúcese en Bueu onde se negociaron 299 308,50 kg que supoñen 1 236 146,61 euros (a maior achega de todas as lonxas do eixe). Esta especie é seguida pola navalla, o xurelo e o percebe cuxa importancia radica non tanto no volume de quilogramos como na grande achega económica que supón polo seu alto prezo por quilogramo.

No rexistro de buques pesqueiros da comunidade de Galicia encóntranse os seguintes datos:

	Caladoiro nacional (arrastre, artes menores, cerco)	Buques dedicados acuicultura/aux.
Bueu	139	33
Moaña	129	58
Cangas	160	20
Aldán-Hío	34	16
Marín	66	-
Pontevedra ¹	414	81
Galicia	4807	1.207

¹ Sen incluír os datos da zona I comarca de Vigo

Fonte: Consellería do Mar da Xunta de Galicia datos xaneiro e outubro 2010

Neste aspecto, como indica a táboa, os municipios de Bueu, Cangas e Moaña contan cun desvirtuado número de caladoiros e buques dedicados á acuicultura como reflexo do alto número de bateas existentes nas dúas rías que supoñen, practicamente, a gran totalidade de todas as existentes na provincia. Cangas é a que posúe o maior número de buques para caladoiros, sobre todo nacionais de artes menores e Moaña no que respecta aos buques para a acuicultura.

Se afondamos na acuicultura, destacar que as máis de 3300 bateas das rías galegas xeran uns 18 000 empregos, directos e indirectos, dedicados á cría do mexillón e da ostra. Pero, Galicia tamén é líder na cría de rodaballo, onde as máis de 6868 toneladas que se producen supoñen o 96,27% da produción total española.

A importancia que alcanzou o sector mexilloeiro na bisbarra do Morrazo apréciase no feito de que a ría de Vigo é o segundo polígono de bateas de Galicia, despois da ría de Arousa. Hai 478 bateas dedicadas á produción deste molusco. As especiais características da ría de Vigo fana ideal para a cría dos distintos tipos de marisco.

Ao mesmo tempo, desenvolveuse unha industria auxiliar de transformación e comercialización mediante unha rede de depuración e procesamento do molusco así como empresas relacionadas coa fabricación de cordoaría e redes.

6.1.1.3. INDUSTRIA DA CONSERVA

A industria da conserva constitúe un sector fundamental na economía de Galicia. Hoxe en día, as compañías galegas dominan o mercado español e son o maior referente na Unión Europea.

En 2009, o sector transformador de conservas de peixes e mariscos de Galicia xerou unha produción de máis de 302 000 toneladas, o que supón o 85% do total de España. En termos económicos, estas empresas facturaron máis de 1092 millóns de euros e xeraron ao redor de 12 000 postos de traballo.

O sector da conserva supón o 2% do PIB de Galicia e o 6,5% de todo o emprego industrial de España.

SECTOR DA CONSERVA Comercio exterior - Destino e orixe	VOLUME Tm			Miles €		
	Xan.-Nov. 09	%	Xan.-Nov.08	Xan.-Nov. 09	%	Xan.-Nov. 08
Europa	109 201	-7,60%	118 178	410 960	-10,69%	460 127
UE	105 465	-7,67%	114 222	395 482	-10,94%	444 052
Resto Europa	3736	-5,56%	3956	15 478	-3,71%	16 075
África	4947	-18,91%	6101	14 147	-12,38%	16 145
América	5090	-5,71%	5398	23 872	-0,42%	23 973
Asia	377	-53,69%	814	2993	-6,53%	3202
Oceanía	88	12,82%	78	958	-8,59%	1048
Outros	10	42,86%	7	114	-34,86%	175
TOTAL EXPORTACIÓNS	119 713	-8,32%	130 576	453 044	-10,23%	504 670
TOTAL IMPORTACIÓNS	157 602	6,78%	147 595	492 272	-0,32%	493 858
América	89 117	0,19%	88 947	270 994	-8,37%	29 5 738
Outros	68 485	16,77%	58 648	221 278	11,69%	198 120

Fonte: ANFACO. Datos de aduanas

A historia da industria da conserva na península do Morrazo sufriu unha variación notable desde os seus inicios, que se remontan á creación de fábricas de salgadura por fomentadores cataláns, en 1750, en Bueu, Aldán e Hío.

En 1816, os Massó crean unha fábrica de salgadura de sardiña en Bueu e, a finais do século XIX, empezan a proliferar as fábricas de conservas, como A Perfección, froito da iniciativa dos Massó e de empresarios franceses. En 1898, os Massó collen o control total desta fábrica e doutras de conservas de peixe, compra-venda de fariñas de peixes, redes e fabricación de artefactos de pesca, e convértense en armadores dunha frota de buques pesqueiros.

En 1930, os Massó inauguran a fábrica de Cangas, que lles leva ao liderado mundial no mercado das conservas. Nos anos 40 e 60 do pasado século, instálanse as primeiras bateas.

A crise do petróleo de 1973, provoca o peche de importantes empresas da bisbarra, como os estaleiros Ascón en Moaña que, posteriormente, adquiriu e reactivou a empresa Rodman-Polyships

Nos anos 80 iníciase o proceso de reestruturación da frota pesqueira á busca de novos caladoiros internacionais (fletán, platixa etc.), ao mesmo tempo que se complica o acceso a outros (Sahara). Innóvase na acuicultura do rodaballo e no sector do mexillón que, xunto ao resto da construción e da reparación naval se consolidan como motores económicos da comarca.

Actualmente, a presenza do sector da conserva no eixe xeográfico obxecto de estudo viu limitado o seu peso específico respecto a épocas anteriores, se ben aínda hai presenza de empresas da conserva en Bueu, Cangas e Moaña, así como de empresas de distribución almacenista do peixe e da conserva en toda a bisbarra.

6.1.2. CONSTRUCCIÓN

O sector da construción sempre supuxo un ámbito importante na economía española e na galega e supuxo un 11,59% en termos de participación do PIB, por detrás do sector servizos e da industria.

Debido á situación de crise que se orixinou hai tres anos, trátase dun dos sectores especialmente afectado. De feito, reflíctese esta evidencia nos datos referentes á variación dos anos 2008-2009, así, o descenso do número de ocupados foi dun 13,7%, xunto cun coeficiente de paro estimado do 5,7%. Outro dos datos que corrobora esta situación é que para o mesmo período, o número de empresas descendeu un 5%, segundo os datos do Informe rexional Seopan 2009.

Concretamente, para o eixe Bueu-Cangas-Moaña, cunha situación xeográfica costeira, incide, directamente, na importancia do sector da construción, xa que un dos seus obxectivos consiste en satisfacer as necesidades da poboación que utiliza esta área como zona turística e, moi frecuentemente, para establecer a súa segunda residencia.

Por outra parte, cabe mencionar a influencia que exerce a área metropolitana de Vigo e Pontevedra que provoca que certa parte da poboación, normalmente xente nova que frecuenta estas áreas, traslade a súa vivenda habitual a estes núcleos máis reducidos por diversos motivos (económicos, sociais, accesibilidade etc.).

Como se indicou anteriormente, a situación de recesión tamén afectou estas zonas posto que a porcentaxe de variación do paro rexistrado no eixe para este sector superou o 140% (período 2007-2009).

No seguinte cadro, reflíctense as variables do número de persoas traballadoras e do número de empresas, en comparación co ámbito provincial e co autonómico:

Área xeográfica	% N.º traballadores	% empresas
Bueu	17,62%	19,43%
Cangas	18,14%	15,34%
Moaña	16,52%	19,26%
Eixe Bueu-Cangas-Moaña	17,43%	18,01%
Comarca Morrazo	15,75%	16,64%
Pontevedra	10,78%	14,91%
Galicia	11,54%	15,12%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos económicos de Caja España en 2009

Segundo os datos obtidos, pódese observar que con respecto á maior porcentaxe en número de empresas que en número de persoas traballadoras o eixe Bueu-Cangas-Moaña é similar ao conxunto da provincia e da comunidade. Non obstante, destaca unha maior importancia do sector neste eixe que no resto do conxunto xeográfico pontevedrés ou do galego, sobre todo no número de traballadores que dependen deste sector polo que se incrementa a diferenza ata en seis puntos porcentuais, o que destaca o peso da construción para o conxunto da poboación. En canto ao número de empresas que se inclúen nesta actividade é lixeiramente maior en Bueu, Cangas e Moaña que no resto das áreas xeográficas consideradas.

6.1.3. ESTALEIROS E AUXILIARES DO NAVAL

O sector da construción naval comprende a construción, transformación, reparación, mantemento e despezamento de todo tipo de buques, embarcacións e artefactos flotantes, así como a fabricación de motores, turbinas, equipos, maquinaria e accesorios específicos para buques e construción.

A industria da construción naval constitúe para Galicia un sector estratéxico, non só polo número de postos de traballo directos e indirectos que xera, senón tamén pola súa importante repercusión sobre o conxunto do ámbito socioeconómico así como

pola súa condición de verdadeira canteira de profesionais das máis diversas especialidades.

Ao igual que no resto de Europa, o sector naval galego realizou, desde hai décadas, un importante esforzo de axuste que obriga tanto as industrias principais coma as auxiliares a adaptarse como sector ás demandas que establece un mercado fortemente internacionalizado e competitivo. Esta situación obriga a rivalizar en termos de valor engadido en tecnoloxías, novos métodos organizativos de produción e xestión, novos procesos de deseño, novas canles de distribución e comunicación...

A actividade da construción e da reparación naval en Galicia que acredita unha facturación superior aos 1400 millóns de euros anuais, segundo a patronal do sector, creceu no primeiro trimestre de 2007 un 5% con respecto a 2006, datos que contrasta coa clara evolución negativa de anos anteriores. Se ben o sector se viu especialmente afectado pola crise financeira iniciada en 2007 e agudizada en 2008, que afectou de forma notable á súa carteira de pedidos, que se está a recuperar en 2010.

Todos estes feitos tamén se manifestan na competitividade do sector, a nivel mundial, con incrementos das exportacións espectaculares, nos últimos anos, superiores ao 80% (13% no Estado) e que permitiron dar un salto de xigante no conxunto do sector na Europa comunitaria, tanto que, por carteira de pedidos, Galicia xa figura por diante de países como Francia, Finlandia ou Dinamarca, e mesmo con máis que a suma dos tres. Galicia é unha peza de peso no sector naval europeo e mundial, con máis do 8% da carga de traballo a nivel europeo.

Na actualidade o 45% dos pequenos e dos medianos estaleiros existentes en España son galegos. Estes estaleiros conforman o sector privado do naval galego, localizado principalmente na ría de Vigo. Neste sector encóntranse empresas que acometeron un importante esforzo de modernización e especialización, coa intención de incrementar a súa capacidade e a súa presenza nos mercados internacionais e que están a ter éxito nesta elección estratéxica.

O sector da construción naval é un dos sectores máis importantes da estrutura industrial galega cun volume do 5,7% do valor engadido bruto da industria manufactureira, mentres que por emprego o seu peso se sitúa arredor do 6,2%, dos cales o 58% pertencen á provincia de Pontevedra.

A evolución do sector foi especialmente positiva na provincia de Pontevedra, onde se chegou ao máximo, en marzo de 2008, con 6003 persoas traballadoras afiliadas en alta laboral (case 500 máis que en marzo de 2007 e case 1100 máis que en marzo de 2006). As industrias do naval da ría de Vigo acertaron na diversificación da súa produción e colocáronse nunha posición estratéxica a nivel mundial.

O eixe Bueu-Cangas-Moaña, dispón de estaleiros, así como talleres, subcontratas e empresas auxiliares de todo tipo, con actividades diseminadas polas rías de Vigo e de Pontevedra.

A ría de Vigo conta cun grupo de industrias auxiliares que serven de soporte para as fábricas matrices na construción de buques principalmente de carácter civil. A actividade que desenvolven estas empresas cobre, practicamente, todo o amplo abano de disciplinas implicadas co negocio das reparacións: traballos en aceiro, armamento, illamentos, pintura, enxeñaría, servizos integrais de limpeza, calidade, medio e prevención.

Ademais da propia actividade do eixe Bueu-Cangas-Moaña, no que respecta a este sector ligado ao mar, Marín, Pontevedra, e, sobre todo, a área de Vigo co maior desenvolvemento naval do estado español, exercen unha grande influencia nestes municipios, debido á demanda de actividades auxiliares relacionadas e á proximidade xeográfica que facilita estas conexións entre empresas.

A continuación, preséntanse os datos referentes ao número de empresas, traballadores e ingresos específicos do eixe así como as porcentaxes de participación do sector en variables do número de empresas, traballadores, e facturación:

	N.º empresas	Traballadores	Facturación (miles de €)
Bueu	4	65	23 560,62
Cangas	6	102	4 786,92
Moaña	21	477	43 358,7
Total eixe	31	644	71 706,24

	N.º empresas	Traballadores	Facturación
% participación sector construción-reparación naval	2,80%	11,20%	11,30%

Fonte: datos ofrecidos por SABI, en 2007

A zona de Moaña exerce unha influencia moito maior, neste sector, comparada con Bueu e Cangas, tanto no número de empresas que case multiplica por catro ás existentes en Cangas, como no número de traballadores. Todos estes resultados reflíctense nos ingresos obtidos onde o rendemento tamén é notorio en Moaña e supoñen un 60,47% dos ingresos totais do eixe en canto á actividade naval.

En Moaña, predominan as empresas dedicadas á ao reparación e mantemento naval posto que son as que xeran os maiores ingresos das mesmas empresas da zona, debido a que é o lugar do eixe onde están concentradas a maioría das empresas de construción de barcos e estruturas flotantes.

En canto á porcentaxe de participación do sector, en efectos de número de empresas un 2,8% non resulta moi significativo; non obstante, en termos de número de traballadores que empregan este tipo de empresas achégase aos máis altos do conxunto de sectores, por detrás de construción e da promoción inmobiliaria, agro, mar, industria e comercio, do que se distancia en cinco puntos porcentuais. Co que respecta ao volume de facturación que representa, o naval encóntrase, tamén, nunha cuarta posición pero, neste caso, a diferenza é maior, ata sete puntos porcentuais sepáranos da construción e da promoción inmobiliaria. Ademais, o sector naval resulta moi significativo pola achega que realiza para a área de Vigo-Pontevedra.

6.1.4. TURISMO, CULTURA E LECER

Existe un grande patrimonio artístico, cultural, paisaxístico de costa e interior, gastronómico, ambiental e deportivo, no eixe Bueu-Cangas-Moaña, onde aínda se preservan monumentos megalíticos prehistóricos e histórico-artísticos romanos que supoñen puntos turísticos da zona, combinado cun conxunto de actividades de ocio enfocadas sobre todo ás épocas de primavera e verán con campamentos, exposicións, festivais, teatro, a semana do mar en Moaña etc. que completan a oferta turística da zona. Hai que citar o coñecido museo Massó en Bueu, un antigo edificio que formaba parte da importante factoría de conserva de peixe e marisco Massó e as actividades lúdico deportivas que ofrecen os puntos deportivos e os pavillóns, o campo de golf de Domaio con excelentes vistas da ría de Vigo e os selectos restaurantes con produtos extraordinarios e cociña de deseño que supoñen uns atractivos turísticos moi relevantes tanto para a demanda xeral como para a zona. Tamén ofrece a posibilidade de acceder en barco, comodamente e en pouco tempo, ás prestixiosas illas Cíes, patrimonio da Humanidade.

En definitiva, o eixe Bueu-Cangas-Moaña ofrece unha gran diversidade de actividades de turismo, cultura, ocio e deporte axeitadas para todas as idades. Sen embargo, o inmenso potencial de explotación turístico da zona aparece claramente infrautilizado. Segundo os datos do directorio de empresas de actividades turísticas da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, correspondentes ao ano 2009, só se contabilizan uns 50 establecementos de aloxamento turístico, entre hoteis, pensións, establecementos de turismo rural e campamentos de turismo, que cobren unhas 1353 prazas dispoñibles.

Directorio de empresas e actividades turísticas
Aloxamentos turísticos. Exercicio 2009

	Hotéis			Pensións			Turismo rural			Campings	
	Establec.	Hab.	Prazas	Establec.	Hab.	Prazas	Establec.	Hab.	Prazas	Establec.	Prazas
Galicia	839	28 760	52 154	1093	11 629	21 195	587	3594	7069	115	34 989
A Coruña	247	9705	17 397	463	5116	9216	169	1005	1.961	50	13 109
Lugo	115	3.162	5847	237	2303	4612	151	970	1.938	14	3 225
Ourense	85	2290	4217	133	1413	2450	85	533	1.046	8	1127
Pontevedra	392	13 603	24 693	260	2.797	4917	182	1086	2.124	43	17 528
Morrazo, O	12	367	638	19	170	302	12	58	115	6	1353
Eixe B-C-M	10	334	580	16	148	266	11	55	109	6	1353
Bueu	2	91	143	2	29	45	2	14	28	0	0
Cangas	6	177	311	9	60	111	7	33	65	4	1006
Moaña	2	66	126	5	59	110	2	8	16	2	347

Fonte: Consellería de Cultura e Turismo. Dirección Xeral para o Turismo.

Boa proba da carencia de infraestruturas e equipamentos axeitados é que Turgalicia só inclúe un establecemento turístico entre os que contan con certificación de calidade turística na provincia. Ademais, a oferta de hotéis dispoñibles, na actualidade, non superan as dúas estrelas.

Establecementos con certificación de calidade turística				Aloxamentos turísticos			
Tipo de aloxamento	Galicia	Pontevedra	Morrazo, O	Tipo de aloxamento	Bueu	Cangas	Moaña
Hotéis	37	16	-	Hotéis	2	6	2
Casas rurais	42	9	1 (1)	Apartamentos turísticos	1	4	1
Cámpings	1	-	-	Pensións	2	9	5
Balnearios	6	1	-	Cámpings	-	4	2
Restaurantes	2	1	-	Casas turismo rural	2	7	2

Fonte: Turgalicia, abril 2010

Fonte: Turgalicia, abril 2010

(1) Aldán-Cangas

A potencialidade turística da zona ten un gran compoñente estacional e de segunda vivenda, especialmente orientada á época estival, que xerou non poucos problemas en materia urbanística, especialmente en determinadas zonas dos municipios de Moaña e Cangas, destino nesas datas de gran cantidade de poboación flotante procedente de Vigo, fundamentalmente.

Porén, a crecente dotación de infraestruturas turísticas, especialmente no referente ao campo de golf de Domaio; nos portos deportivos de Beluso (63 prazas de amarre), Cangas (235 amarres) e Moaña (347 postos); as 203 prazas do porto deportivo da

Asociación A Tella (Moaña); así como os proxectos urbanísticos e os náuticos e deportivos, aínda non materializados, de Pescadoira (Bueu) (430 amarres) e Salgueirón (Cangas) (450 prazas de amarre e proxecto de urbanización do ámbito). As ditas infraestruturas vaticinan un crecemento da demanda turística na zona, demanda que actualmente non se pode satisfacer, axeitadamente, en función das infraestruturas dispoñibles nestes momentos.

O Observatorio Turístico Rías Baixas da Deputación de Pontevedra, cualifica no seu boletín anual de 2009, o visitante das Rías Baixas como unha parella entre os 25 e os 34 anos, de nivel económico medio, traballador por conta allea, con coche propio e que se hospedan preferentemente en hotel, entre 3 e 4 días e cun gasto duns 100 € diarios por persoa e, maioritariamente, procedentes de Galicia, Madrid e Portugal. O devandito informe, cifraba a ocupación media ao redor do 75% esta pasada Semana Santa, e unha media anual do 53,82%, cun repunte estacional nos meses de verán, nos que se supera o 70% de ocupación. Así mesmo, o perfil do turista medio reflicte unha gran fidelidade, xa que o 95% repiten, no mesmo ano, ou pensan volver visitar a provincia.

Observatorio Turístico Rías Baixas

2009	1.º Trim.	2º Trim.	3º Trim.	4.º Trim.	Total
Turistas españois	128 317	217 962	378 377	277 610	1 002 266
Turistas estranxeiros	25 722	46 099	67 435	60 364	199 620
Ocupación media %	38	50	72	56,01	54

Fonte: Deputación de Pontevedra

O informe de estudos turísticos do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo destaca, na súa enquisa de movementos turísticos dos españois de 2008, sobre a realización de actividades deportivas, que os desprazamentos internos para a realización de prácticas deportivas xa supoñen o 10,6% das viaxes internas en España, e para os náuticos, en particular, o 1,6%, o que pon de relevo a importancia das actividades complementarias para atraer o turismo e romper o compoñente de estacionalidade antes mencionado.

Así, o desenvolvemento do turismo náutico, desde a iniciativa pública e privada, constitúese en aspecto prioritario para promover a desestacionalización da demanda, desde a perspectiva lúdico e deportiva, tanto en colaboración con outras rexións europeas, coma cos municipios limítrofes e, desde a perspectiva cultural, mediante a posta en valor do rico patrimonio histórico de fábricas de conservas e de salgadura, faros, lonxas, confrarías, portos e estaleiros de toda a zona.

6.1.5. COMERCIO E SERVIZOS

Os datos sobre o sector do comercio e o sector dos servizos reflicten que agrupa o maior número de empresas da área Bueu-Cangas-Moaña e ocupa a maior parte da poboación activa, dado o seu carácter heteroxéneo, se ben, o tamaño dos negocios, tanto en número de asalariados coma en superficie bruta dispoñible, reflicte un carácter marcadamente retallista das diferentes actividades, tanto comerciais como do resto de servizos.

O feito é que, a pesar de ser unha das zonas máis densamente poboadas de Galicia, a dotación e a densidade comercial varían, notablemente, segundo o formato do negocio, (prevalecendo o comercio retallista de tamaño reducido) de modo que a zona orbita entre o sector especializado e a gran superficie das cidades de Pontevedra e Vigo que son as dúas grandes áreas comerciais nas que se enmarca O Morrazo.

ÁREAS COMERCIAIS DE PONTEVEDRA

	Poboac. cabeceira (1)	Poboac. resto área (2)	Poboac. total área	% Poboac. cabeceira s/ total	% Pob. resto s/ total	Mdo. potencial mill.€ (3)
Pontevedra	80 749	325 488	406 237	20%	80%	542
Vigo	295 703	861 438	1.157 141	26%	74%	1.460

Fonte: Atlas Socioeconómico Caixanova 2009

Nota(1): área comercial: zona de atracción a municipio de maior equipamento comercial

Nota(2): gravitación a municipios cabeceiras da área comercial

Nota(3): mercado potencial referido a datos de 2007

O comercio da zona é maioritariamente retailista e intenta evolucionar cara á creación dun centro comercial aberto, concibido como unha agrupación espacial de establecementos comerciais, de restauración, de ocio e socioculturais, nun ámbito urbano, xeralmente nas zonas antigas das vilas, que se rexen por unha xestión integral do conxunto dos negocios a través dunha figura societaria que determina a estratexia empresarial e as políticas de actuación que desenvolver e que, ademais, ofrece unha imaxe unitaria da oferta global da zona mediante aspectos tales como:

- Prestación en común de servizos.
- Creación dunha imaxe corporativa que o identifique: logotipo, mobiliario urbano etc.
- Cumprimento dun mesmo horario.
- Oferta conxunta e unitaria de actividades de ocio e animación cultural.

Comarca / Municipio	TOTAL		ÍNDICE COMERCIAL (base: Galicia=10 000)		
	N.º total act. comerciais	Superficie total m ²	Almacenistas	Retailista	Total
Morrazo, O	1939	150 000	165	213	189
Bueu	384	26 351	8	38	23
Cangas	674	42 442	50	67	58
Moaña	343	36 402	34	37	36
Pontevedra	2296	228 960	284	378	331
Vigo	6079	677 556	1823	1.423	1624
PROVINCIA	20 769	2.137 104	3733	3244	3490
GALICIA	64 874	6 659 963			
ESPAÑA	987 636	112 300 600			

Fonte: Atlas Socioeconómico Caixanova 2009

O devandito espazo deberá estar dotado dunha infraestrutura urbana que, por un lado, o individualice cunha entidade propia (zonas peonís, sinalización, mobiliario etc.) e, por outro lado, que lle proporcione doados accesos e aparcadoiros.

En resumo, son tres os aspectos que deben definir un centro comercial urbano:

- a xestión centralizada,
- a imaxe unitaria da oferta,

- a infraestrutura urbanística e comercial.

Os centros comerciais urbanos nacen como unha fórmula de cooperación do comercio ante os novos formatos comerciais. Non se trata de proxectos reivindicativos ante as grandes superficies, pero resulta interesante analizar as vantaxes que teñen ante elas, co fin de que estes centros sexan potenciados como fortaleza do pequeno comercio.

7. INFRAESTRUTURAS

7.1. INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

O século XXI trae á península do Morrazo unha mellora substancial das comunicacións, tan importante como o foi a autoestrada e a ponte de Rande nos anos 70 do século XX (libre de peaxe para o tráfico de Morrazo-Vigo desde o 1 de xuño de 2006), e coa entrada en funcionamento da vía rápida do Morrazo.

A AP-9 (autoestrada do Atlántico), mediante a ponte de Rande, que salva os 1500 m do estreito co mesmo nome onde se produciu a histórica batalla naval que comunica o Morrazo con Vigo, todo o sur de Galicia, a meseta e Portugal. Actualmente, existe un servizo de autobuses interurbanos que une Cangas coas poboacións veciñas. Tamén enlaza directamente con Pontevedra.

As comunicacións por estrada están baseadas no corredor de alta capacidade do Morrazo (CRG-4.1) (e nos seus ramais VR-4.5 a Cangas e VR-4.6 a Aldán) que, desde a saída de Domaio da autoestrada do Atlántico AP-9, percorre toda a península pola súa banda central con varios enlaces a diferentes estradas locais; a estrada provincial PO-551, que une Cangas con Moaña; a PO-315, con Bueu, e de alí a Marín e, por autovía, coa próxima Pontevedra, capital da provincia; e a PO-313, que une as localidades de Moaña e Marín.

Os diferentes núcleos que compoñen o Morrazo están conectados por diferentes vías secundarias: as estradas PO-1001, PO-1002 e PO-1003, que estruturan a comunicación coas áreas situadas na parte sudoeste da península, ao redor de Cangas e Moaña; mentres que as PO-1006, PO-1007 e PO-1008 o fan coa parte oeste, ao redor de Aldán; as PO-1101 e PO-1102 conectan os núcleos de poboación da zona este de Moaña; e finalmente as PO-1304 e PO1306, na zona norte, ao redor de Bueu.

A estación de autobuses e a terminal marítima de Cangas, constitúen un bo exemplo de transporte intermodal. A estación de autobuses está a moi poucos metros da terminal marítima e constitúe un dos poucos exemplos, en España, que combinan o transporte marítimo e o terrestre. Hai servizos regulares e frecuentes de autobús ás poboacións próximas. Ademais, existen algúns servizos adicionais ás parroquias de Cangas.

As comunicacións por barco están ben desenvolvidas e saen, cada media hora, cara Vigo e viceversa. É un xeito cómodo de acceder a Vigo en tan só un cuarto de hora. Esta liña marítima é moi usada e funciona hai máis de 75 anos. Por vía marítima, Cangas está unida a Vigo por unha liña de barcos de pasaxeiros que saen do peirao de pasaxeiros do municipio e chegan á estación marítima de Vigo e as illas Cíes.

Desde Vigo enlázase con calquera outro medio de transporte, tanto por ferrocarril, avión ou barco e, ademais, ten esta cidade unha estación ferroviaria importante, con futuro acceso ás liñas de alta velocidade que enlazarán con Madrid, co resto do Estado co Porto e con Lisboa (Portugal). A estación marítima de Vigo é de primeira orde e parten dela diferentes liñas regulares a varios destinos e é, ademais, unha escala relevante para moitos trasatlánticos. O aeroporto de Peinador ofrece servizo aéreo para toda a provincia de Pontevedra.

Tamén, en Moaña, hai un servizo de autobuses interurbanos que a unen coas poboacións veciñas. Por vía marítima Moaña está unida con Vigo por unha liña de

barcos de pasaxeiros que saen do peirao de pasaxeiros do municipio e chegan á estación marítima de Vigo.

7.2. INFRAESTRUTURA PORTUARIA

O eixe Bueu-Cangas-Moaña conta con seis portos, tres situados no municipio de Cangas (un pesqueiro en Aldán e dous en Cangas, un deportivo e outro pesqueiro), dous no municipio de Bueu (un pesqueiro e outro deportivo) e tres no municipio de Moaña (o de Moaña, onde se colle o barco a Vigo, o porto de Meira e o porto de Domaio):

- **Porto de Bueu:** no primeiro terzo deste século o porto de Bueu chegou a ser o máis importante da península do Morrazo e toda a ría de Pontevedra. Hoxe en día, esta frota está formada por máis dun centenar de barcos. Pero, gran parte da industria dedicada á conserva desapareceu, apenas queda nada das catro grandes firmas nacionais que estiveron en activo ata hai uns anos.
- **Porto deportivo de Beluso (Bueu):** o pequeno porto de Beluso encóntrase na costa Sur da ría de Pontevedra, entre a punta Trimiño e o porto de Bueu capital do concello ao que pertence. Trátase dunha pequena mariña sen concesionario con tres peiraos con 60 prazas que están completamente ocupadas.
- **Porto de Cangas:** Cangas ten unha gran tradición como porto pesqueiro. Desde a época da factoría de Masó coa facturación de grandes baleas á rica industria pesqueira actual. No porto de Cangas, ademais, encóntrase a estación marítima de Cangas que une esta vila coa cidade de Vigo a través de liñas regulares de barcos de pasaxe. Na época de verán, tamén hai liñas cara ás illas Cíes.
- **Porto de Aldán:** este porto pesqueiro do municipio de Cangas encóntrase na ría que leva o seu propio nome, apéndice da de Pontevedra e orientada ao norte. A ría de Aldán ábrese entre o cabo Udra e a punta de Couso. Esta punta

é escarpada. A enfilación de punta Faxilda coa medianía da praia de Vilariño determina a canle de entrada a esta ría que, aínda que ten bastantes baixos, é navegable ata preto do fondo, onde se atopan bos fondeadoiros. Non obstante, ao ser unha ría aberta ao oeste, non é aconsellable como refuxio nos malos tempos.

- **Club Náutico de Rodeira:** o porto deportivo de Cangas encóntrase na costa norte da ría de Vigo, entre o cabo Balea e punta Rodeira, en pleno centro da Vila de Cangas, zona mariñeira e turística por excelencia. O Club Náutico Rodeira de Cangas nace, en 1982, grazas ao apoio decidido dunha serie de entusiastas do deporte do mar, desexosos de non perder a cultura tan vinculada a este medio marítimo que existe nesta vila tradicionalmente mariñeira, á vez que retoma un antigo club dedicado ao remo que existiu na década de 1930.
- **Porto de Moaña:** porto pesqueiro situado ao norte da ría de Vigo, no extremo occidental da poboación de Moaña. Neste porto, existe unha grande afección polo remo en banco fixo (Escola de Vela Municipal, Club de Remo San Xoán de Tirán)
- **Porto de Meira:** a presenza da industria é moi importante na parroquia, os estaleiros, as depuradoras de marisco... fan do porto Meira un importante centro de actividades relacionadas co mar.
- **Porto de Domaio:** o porto pesqueiro de Domaio pertence ao municipio de Moaña e está situado na costa norte da ría de Vigo. É un porto de moi pouco calado, no que faenan as embarcacións de servizo das bateas de mexillóns.

Portos de Galicia está a potenciar a creación de novas instalacións náuticas deportivas nos diversos portos do litoral galego. O ente público, directa ou indirectamente, xestiona, na actualidade, 23 instalacións náutico-deportivas cun total de máis de 7947 prazas de atraque, das cales catro se encontran no eixe Bueu-Cangas-Moaña.

7.3. SOLO INDUSTRIAL

Na actualidade, a dotación de chan industrial límitase ao parque empresarial de Castiñeiras situado no municipio de Bueu, que está en activo desde 1997. Castiñeiras desenvolveuse en dúas fases, a primeira xestionada e promovida polo Instituto Galego de Vivenda e Solo e a segunda xestionada e promovida por Xestur Pontevedra. En total suma 129 954 m² dos que 74 611 m² son de uso industrial e empresarial. A superficie útil divídese en 31 parcelas. Actualmente, hai 21 empresas instaladas no polígono de Castiñeiras, sobre todo son empresas que pertencen ao sector naval, do transporte e da construción.

Anexo ao anterior, en terreos de Cangas, o Consorcio da Zona Franca de Vigo (CZFY) preveu a realización do Parque Empresarial e Industrial do Morrazo (PEIM) do que, posteriormente, Xestur asumiu o seu proxecto, que abranguería máis de 1 402 000 m², pero este proxecto non rexistra ningún avance desde o ano 2003. As últimas noticias, que datan de novembro de 2009, indican que Xestur desbotou o proxecto formulado, ao considerar insuficiente a demanda e a dispoñibilidade orzamentaria e apostaría por unha nova ampliación do polígono de Castiñeiras entre 200 000 e 300 000 m².

Ademais destes parques empresariais sinalados, non remata de superar a fase de constitución e posta en marcha dun polígono empresarial que promove a Asociación de Empresarios de Moaña. Este polígono está situado na zona coñecida de Cruz da Maceira e abrangue, na súa concepción inicial, 650 000 m² nos que poderían establecerse 150 empresas da zona. Con posterioridade, o polígono reduciuse a 400 000 m² nos que se instalaron 111 empresas. A pesar de que a Administración autonómica rexeitou o dito polígono ao considerar que a súa instalación estaba nun espazo protexido, incluíuse no PXOM.

A situación, polo tanto, é de escasa dispoñibilidade de solo industrial na comarca, que obriga á dispersión das actividades empresariais polo territorio dos tres municipios e

impide, así, nalgúns casos, a obtención das certificacións de calidade europeas esixidas aos provedores por parte dalgúns clientes.

7.4. EQUIPAMENTOS

7.4.1. EQUIPAMENTO SANITARIO

Galicia dispón dunha ordenación territorial de sanidade propia, organizada en áreas sanitarias e, dentro do seu ámbito, en distritos hospitalarios e zonas de atención primaria, coherente coa súa realidade sanitaria.

No caso do municipio de Cangas, existen tres centros de saúde de atención primaria de medicina preventiva e pediatría, que segundo a ordenación territorial sanitaria da Consellería de Sanidade é dependente do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.

Para atender ao municipio de Bueu, este conta cun centro de saúde propio, dependente do Complexo Hospitalario de Pontevedra.

A nivel de equipamento sanitario, Moaña pertence á unidade de xerencia Pontevedra - Vigo, en concreto á área de Vigo. Para a atención primaria, conta tres centros propios. Para outra atención especializada ou hospitalización, os habitantes de Moaña han de acudir aos centros existentes en Vigo: Complexo Hospitalario Universitario de Vigo (CHUVI) e Povisa.

Na seguinte táboa, recóllense os recursos humanos existentes nestes centros de saúde na actualidade.

	Bueu	Cangas	Moaña
Medicina xeral	8	17	14
Pediatra	2	4	2
ATS/DUE	7	19	14
Auxiliar enfermería	3	6	4
Asistente/a social	1	1	2
Farmacéutico/a		1	
Celador/ora	1	3	1
Función administrativa	3	9	6
Matrona	1	1	1
Odontólogo/a	1	1	1
Fisioterapeuta	2	3	
Técnico/a especialista	1	2	
Médico interno residente	1		

*Recursos humanos en atención primaria, 2009
Elaboración propia a partir de datos do Sergas*

Se comparamos os datos do eixe Bueu-Cangas-Moaña coa media da provincia de Pontevedra e Galicia, observamos como este municipio se encontra por diante da media en todos os indicadores, sobre todo nos relativos a pediatras e médicos xerais. Así, temos os seguintes indicadores sanitarios.

	Médicos/1000 habitantes	ATS/1000 habitantes	Pediatras/1000 nenos de 0-14 anos
Cangas	0,97	0,93	1,21
Bueu	1,14	0,81	1,87
Moaña	0,84	0,74	0,41
Eixe Cangas-Bueu-Moaña	0,96	0,84	0,95
Provincia Pontevedra	0,78	0,72	1,10
Galicia	0,81	0,72	1,01

*Indicadores de atención primaria (2008)
Elaboración propia a partir de datos do IGE e do Sergas*

Desde estes municipios préstase unha especial atención á terceira idade a través do servizo de asistencia a domicilio (SAD) e de teleasistencia para persoas maiores ou discapacitadas, existentes nos tres municipios de carácter público. Existe, ademais de

diferentes asociacións de xubilados con locais propios, cinco centros de día e unha residencia de xeriatría, todos iso de iniciativa privada de atención para persoas con minusvalías e para a terceira idade.

Ademais, a Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer do Morrazo (Afamo) dispón dun centro de día, de titularidade autonómica, para o coidado especializado deste tipo de enfermos de.

7.4.2. EQUIPAMENTO EDUCATIVO

Por equipamento educativo faise referencia, xeralmente, aos centros de educación regulada. Neste sentido, hai que sinalar que existen dous centros nos que se imparte exclusivamente educación infantil (EEI), dezaseis centros de educación infantil e primaria (CEIP), seis colexios privados concertados (CPR), sete de ensino secundario (IES), unha escola de FP marítimo-pesqueira, dúas escolas de música (ESMU), un conservatorio de música (CMUS) e unha escola privada (EDANPR).

Na actualidade, o eixe xeográfico Bueu-Cangas-Moaña conta con 30 centros educativos de formación regulada non universitaria, a maioría deles públicos, que abranguen os diferentes niveis (infantil, primaria e secundaria) preuniversitarios. Isto implica unha media de ao redor de 249 alumnos por centro, cifra menor que os 257 alumnos por centro da bisbarra do Morrazo, pero superior aos 243 da provincia e aos 227 en Galicia.

	Galicia	Pontevedra	Eixe Bueu- Cangas- Moaña			
			Cangas- Moaña	Cangas	Bueu	Moaña
Ed infantil e/ou primaria	862	311	18	6	3	9
Ed. secundaria obrigatoria	39	17	0	0	0	0
Ed. infantil e/ou primaria e secundaria obrigatoria	171	69	5	4	1	0
Ed. postobrigatoria	93	27	0	0	0	0
Ed. infantil e/ou primaria e secundaria e postobrigatoria	67	25	0	0	0	0
Ed. secundaria e postobrigatoria	221	72	7	3	2	2
TOTAL	1.453	521	30	13	6	11

*Número de centros docentes segundo o tipo de ensinanza. Curso 2009/2010
Fonte: IGE*

En canto á oferta formativa de formación profesional existente nos tres municipios, podémola ver na seguinte táboa:

CONCELLO	CICLO MEDIO	CICLO SUPERIOR
BUEU	· Xestión Administrativa	· Administración e Finanzas
	· Estética Persoal Decorativa	· Construcións Metálicas
	· Perruquería	
	· Soldadura e Caldeirería	
CANGAS	· Xestión Administrativa	· Administración e Finanzas
	· Instalacións de Telecomunicacións	· Animación de Actividades Físicas e Deportivas
		· Sistemas de Telecomunicación e Informáticos
		· Administración de Sistemas Informáticos en Red
MOAÑA	· Xestión Administrativa	· Administración e Finanzas
	· Instalacións Eléctricas e Automáticas	· Instalacións Electrotécnicas
	· Mecanizado	

*Oferta de programas de cualificación profesional inicial curso 2009-2010
Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria*

Ademais, en Bueu, contan cun Centro de Formación Ocupacional coas especialidades de mariña mercante, pesca e formación sanitaria.

Completan a oferta educativa os distintos programas do plan FIP e de formación continua dirixidos a persoas traballadoras en activo e persoas desempregadas ofertados por sindicatos, asociacións empresariais e outras organizacións.

7.4.3. EQUIPAMENTOS TIC

Do conxunto do Estado español, a Comunidade Autónoma galega é a que rexistra nos últimos tres meses o uso máis baixo de teléfonos móbiles cun 88,4% fronte ao 92,2% estatal. O mesmo sucede con Internet que se sitúa nun 53,6% afastado do 63,8% español, por último, no caso da utilización dos ordenadores, cífrase un 57,8% na comunidade, fronte ao 67,4% da media estatal, segundo os datos ofrecidos polo Instituto Nacional de Estatística (INE).

A continuación, expóñense os datos que relacionan o número de habitantes co número de conexións de banda ancha e teléfonos fixos do eixe Bueu-Cangas-Moaña, os municipios que os integran e o total provincial e autonómico.

	Poboación 2009	Tfnos. fixos 2009	Variación tfnos. fixos 04-09 (%)	Liñas de banda ancha 2009	LBA 2009 por 100 hab.	Tfnos fixos 2009 por 100 hab.
Bueu	12.331	4.249	-4,1	1.905	15,45	34,46
Cangas	25.748	8.774	-2,4	3.613	14,03	34,08
Moaña	19.014	6.428	-0,3	2.638	13,87	33,81
Eixe Bueu-Cangas-Moaña	57.093	19.451	-2,3	8.156	14,29	34,07
Prov. Pontevedra	959.764	384.324	9,9	153.435	15,99	40,04
GALICIA	2.796.089	1.171.777	8,4	440.921	15,77	41,91

Fonte: Atlas Socioeconómico Caixanova 2009

A evolución da variación dos teléfonos fixos para os anos 2004-2009, no eixe Bueu-Cangas-Moaña, dista en boa medida da realidade da provincia á que pertencen e a de Galicia. Mentres que nestas últimas incrementou o número de teléfonos fixos durante estes anos, nos municipios que conforman o eixe produciuse un retroceso neste ámbito, diminuindo o número destes aparatos e distando en máis de 10 puntos da media provincial. Non obstante, en termos de número de teléfonos fixos por cada 100 habitantes, o resultado do conxunto do eixe non está tan desvirtuado e difiren en case seis habitantes menos por teléfono fixo.

Se analizamos o número de contratos de banda ancha por 100 habitantes, acontece unha situación similar a dos teléfonos fixos, mesmo as diferenzas son menores, polo que o eixe se achega á media da provincia de Pontevedra e de Galicia. Destacar que aínda que o municipio de Bueu non o sexa que posúa a maior poboación do eixe, é o concello que conta con máis conexións de banda ancha por habitante, motivo que deixa entrever o maior interese da súa poboación pola utilización de Internet.

7.4.4. EQUIPAMENTO PARA OFERTA CULTURAL E DE OCIO

Polo que respecta a instalacións culturais, o máis destacado é a existencia do Auditorio Municipal de Cangas. Este espazo cultural inaugurouse no ano 2001 e converteuse, desde a súa apertura, no elemento dinamizador e no escenario por excelencia da actividade cultural do municipio; isto tivo gran repercusión sobre os concellos limítrofes: Moaña e Bueu. O auditorio dispón dunha gran sala de representación cunha capacidade para 690 persoas, unha sala de exposicións e, desde a súa inauguración, o auditorio ten unha programación continua e estable ao longo do ano.

Tamén é destacable a Escola de Música Municipal de Moaña que se funda como institución no ano 1999 co obxectivo de cubrir as necesidades e as demandas no ámbito musical do municipio, de profunda tradición cultural pero sen alternativa dentro do campo ata entón.

En xeral, o eixe Bueu-Cangas-Moaña conta con numerosos recursos socioculturais, tanto centros dependentes da Administración local coma asociacións xurdidas da cidadanía. A nivel cultural destacan as nove casas de cultura existentes na zona, as oito bibliotecas públicas municipais, ademais, das bibliotecas escolares coas que están dotadas os centros educativos. Existen varias escolas de música. Entre outros centros sociais municipais destaca o Padroado Beiramar, organismo autónomo de carácter local, en Moaña, dedicado á formación, a promoción e o fomento de emprego.

Como se comentou anteriormente, a oferta cultural complementase, á súa vez, cunha especial importancia do deporte, algo que se reflicte na gran cantidade de infraestruturas e equipamentos coas que conta: clubs náuticos, campos de fútbol, clubs de tenis, diversos complexos que combinan o deportivo coa cultura e co ocio. Xunto aos eventos culturais son numerosas as exhibicións deportivas como as regatas de traíñeiras e os campionatos estivais de voleibol.

8. RESULTADOS ENQUISA EMPRESARIAL

8.1. RESULTADOS DA ENQUISA

Considérase conveniente para a realización do estudo do eixe Bueu-Cangas-Moaña analizar as opinións dos empresarios da bisbarra, valorar e reflectir, así, a situación real da zona e enquisar os que máis lles inflúe.

A Confederación de Empresarios de Pontevedra realizou esta enquisa tras partir dunha selección de 150 empresas pertencentes ao eixe Bueu-Cangas-Moaña, as cales foron seleccionadas segundo o peso dos sectores máis representativos da zona xunto coas empresas de maior facturación.

Posteriormente, co peche de captación das enquisas conseguiuase un 41% de representatividade no número de empresas enquisadas sobre a mostra total escollida.

En termos de facturación, a representatividade alcanza o 25% e en número de empregados o 30%.

Especificado por sectores, as empresas dedicadas á actividade do agro, do mar e da industria representan o 13% das empresas enquisadas; comercio e servizos o 54%; industria un 20% e construción e promoción inmobiliaria representa o 13% delas. Esta distribución segue a tendencia descrita, en capítulos anteriores, segundo a base de datos do SABI sobre a que se describiu a demografía empresarial da zona.

A enquisa preséntase como un complemento sobre o estudo da situación socioeconómica da bisbarra sobre a base dun cuestionario de 20 preguntas divididas en nove bloques temáticos, que se detallan a continuación:

- ❖ Actividade empresarial
- ❖ Xestión
- ❖ Compras e vendas
- ❖ Produtos e imaxe
- ❖ Infraestruturas e equipamentos
- ❖ I+D+i
- ❖ Novas tecnoloxías
- ❖ Factores clave
- ❖ Obstáculos/facilitadores/accións urxentes para o desenvolvemento empresarial etc.

Da devandita enquisa obtivéronse os seguintes resultados, seguindo a orde especificada anteriormente.

Actividade empresarial

—O perfil da empresa que resulta da enquisa levada a cabo entre os empresarios da bisbarra supón unha facturación media de 2,4 millóns de euros. En canto ao emprego, o número medio de persoas que empregan as devanditas empresas ascende 17 persoas.

—En canto á procedencia do seu capital social, o 97% das empresas ten a súa orixe no ámbito local.

—A personalidade xurídica que predomina son as asociacións autónomas de persoas xa que as cooperativas representan o 51% do total das enquisas, seguidas dos autónomos e das sociedades limitadas cun 20% ambas as dúas.

Xestión

—Referido as estruturas organizativas creadas, a maioría aplica unha estrutura organizativa formal cuantificada nun 74%, así como un sistema de control de custos aplicado por elas nun 78%.

—Só un 22% das empresas das que responderon á enquisa aplicou un sistema de calidade. Prodúcese unha situación similar cos sistemas de xestión ambiental que posúen só un 24% do conxunto.

— O sistema de prevención de riscos resulta aínda máis fundamental, está implantado nun 90% delas.

—En canto á cualificación de persoal, a sensación xeral é boa para a maioría das empresas (74%), non obstante, o sector de turismo, ocio e cultura presenta outro patrón no que o 60% das empresas reflicten unha satisfacción regular.

Compras e vendas

—Os provedores das empresas están concentrados, na súa maioría, entre a provincia (32%) e a bisbarra (21%), seguidas polo resto de Galicia e España pero en menor medida.

—A clientela e as empresas ás cales se realizan as vendas, principalmente, sitúanse na provincia (32%) seguidas moi de preto pola bisbarra (29%), e polo resto de Galicia e de España pero, como sucede nas compras, é menos frecuente.

Evolución das subministracións:

—No gasto de consumo en electricidade, nótase un aumento na maioría dos sectores (57% das empresas), o gasto en auga mantense na maioría delas (71%) así como no gas tamén (55% das empresas). Por último, o gasto en combustible está notablemente en aumento para a maioría das empresas (59%).

Produtos e imaxe

—Neste apartado, a maioría das empresas enquisadas da bisbarra non utilizan as enquisas de satisfacción coa súa clientela (67%), non obstante, as empresas que

dependen do público en xeral se que poñen atención a este aspecto como é o caso do sector do turismo, do ocio e da cultura onde un 75% das empresas si que as realizan.

—Por outro lado, a maioría das empresas contestaron que tampouco teñen un selo ou unha denominación de marca de calidade (69%), neste sentido, as empresas dos sectores do agro, do mar, da industria e do comercio están a tratar de impulsalo máis que o resto de sectores.

—A satisfacción percibida da actividade das empresas da mostra resulta, claramente, alta para a maioría das enquisadas (72%) e un 61% delas utilizan un sistema de recepción de queixas e reclamacións.

—A percepción dos empresarios do eixe Bueu-Cangas-Moaña sobre as expectativas dos mercados tras tomar como referencia "ben, mal e regular" reflicten o seguinte:

—A maioría das apreciacións das empresas son de "regular" tanto para mercado local (43%) como o mercado provincial (50%), o rexional (51%), o da UE (50%) e, por último, os terceiros países (50%).

—Non obstante, a situación cambia se falamos dos mercados no norte de Portugal e teñen unha percepción "mala" (63%) así como para o mercado nacional (39%).

—Claramente coa situación económica actual, a sensación sobre as expectativas dos mercados non son positivas para ningunha das localizacións xeográficas propostas, non obstante, a situación empresarial próxima ás empresas como son o ámbito comarcal e rexional ten unha perspectiva máis favorable que a nivel nacional.

Infraestruturas e equipamentos

—Se avaliamos as infraestruturas e os equipamentos, os resultados reflicten que o 64% das empresas non necesitan máis solo empresarial ou locais comerciais e de negocios. Non obstante, no caso de que se necesitase, a maioría das empresas

prefiren solo empresarial e locais comerciais no ámbito local (57% e 56% respectivamente).

—Os empresarios afirman que tamén necesitarían novas infraestruturas e equipamentos (64%). Estas necesidades danlle prioridade ás comunicacións viarias interiores e á recollida de residuos (ambas as dúas un 13%), seguidas pola conexión exterior, a conexión dos portos, a mellora dos centros de formación (11%). Por último, están as conexións de aeroportos, saneamento, enerxía, servizos de saúde, auga e ferrocarril nomeadas pola orde de relevancia que mostraron para os empresarios.

—A gran maioría das empresas enquisadas (93%) consideran que a mancomunidade debe ter orzamento e competencias, sobre todo no que afecta á limpeza e ao tratamento de residuos (28%) xunto co parque empresarial e coa plataforma loxística (23%). O transporte público (18%), as infraestruturas (15%) e a sanidade e os servizos sociais (14%) son os asuntos que os seguen.

—Nunha valoración xeral dos servizos públicos, as obras públicas son as que reciben peor valoración así como a ordenación urbana, seguidos da Administración local, dos servizos municipais, do tratamento de residuos e do transporte público. A Administración autonómica recibe unha valoración "regular" así como a asociación de produtores ou os servizos portuarios.

I+D+i

—As actividades de I+D+i non resultan habituais nas empresas da mostraxe, o 82% non invisten en actividades deste tipo, agás o sector de construción e reparación naval (un 60% delas).

—A maioría tampouco desenvolven proxectos de investigación (79%) nestes momentos pero, non obstante, aínda que non se leven a cabo, existe unha gran porcentaxe de empresas que si consideran interesante a creación dun centro de investigación para o seu sector (64%). A porcentaxe aproximada do equipo de persoal

que traballa neste tipo de actividades dentro das empresas que desenvolven o I+D+i é dun 22% dos traballadores e a fonte principal de financiamento destes proxectos é a privada (50%).

Novas tecnoloxías

En canto á utilización das novas tecnoloxías polas empresas da zona, a enquisa reflicte que un 97%-98% das empresas posúen sistemas informáticos, conexión a Internet e correo electrónico. A cifra en canto á presenza das empresas na web mediante unha páxina propia é menor e só a posúen o 52% destas.

8.2. VALORACIÓNS DA ENQUISA SOBRE SITUACIÓN, EXPECTATIVAS E ACTUACIÓNS DE FUTURO

Deseguido, reflectiremos os resultados obtidos na enquisa sobre as accións urxentes que os empresarios consideran que se deben de levar a cabo, a valoración dos factores críticos do diagnóstico estratéxico e, por último, a dos eixes estratéxicos.

8.2.1. ACCIÓN URXENTES PROPOSTAS POLOS EMPRESARIOS

A maior preocupación dos empresarios consiste na urxencia da aprobación duns plans xerais de ordenación urbana que regulen os aspectos de mellora ou ampliación do parque empresarial, solo industrial, as zonas dispoñibles para aparcadoiro e a mellora das subministracións para a súa poboación.

Estas medidas permitirían unha maior fluidez e unha ordenación das actividades produtivas da zona, así como un doado e un mellor acceso das persoas consumidoras aos municipios, polo que propiciaría un maior desenvolvemento da súa economía e melloraría a calidade de vida da súa poboación.

Relacionado co aspecto da loxística, os empresarios consideran que as accións que desenvolvan as vías de comunicación externas como o desdoblamento da vía rápida, a

ampliación e o mantemento da autovía do Morrazo con vías de alta capacidade e, en xeral, as infraestruturas que comunican a estas poboacións co resto da provincia constitúen o segundo aspecto máis urxente para incidir, sobre todo, polas administracións públicas ás que lle compete.

Por outra parte, os empresarios do eixe Cangas-Bueu-Moaña coinciden, na súa maioritaria, en que a potenciación do turismo é prioritaria para a zona. Accións que desenvolvan o fomento e a promoción do turismo, empurre ao turismo de praia, montaña e a súa gastronomía son considéranas accións urxentes que se deben de realizar, ademais da maior colaboración das institucións públicas para impulsar a bisbarra de forma coordinada. Nun contexto onde o sector comercial é importante, cun gran número de comercios retallistas e de servizos, os turistas supoñen un incremento dos ingresos para os comerciantes e para a zona en xeral.

Ligado ás devanditas actividades que comercian con bens e servizos, a seguinte acción urxente trátase da formación e da especialización do persoal e, así, facer especial fincapé no sector hostaleiro e no turismo en xeral. En concordancia co anteriormente exposto, a zona desexa ofrecer un turismo de calidade aos seus visitantes polo que un bo servizo e unha boa calidade dos seus produtos crea unha imaxe positiva e axuda ao desenvolvemento do sector. Estendido o resto dos sectores, unha boa formación e unha boa especialización das persoas traballadoras que se dedican ás diferentes actividades produtivas aumenta a diferenciación fronte ás empresas doutras zonas por unha mellor posición competitiva como consecuencia do incremento da produtividade e da calidade que se derivan da mellor cualificación dos recursos humanos

O marco destas variables referentes á calidade e á cualificación, especialmente no caso do turismo e do comercio, leva á proposta de creación dun centro comercial aberto que conte coa colaboración e coa coordinación dos comercios da zona para poder competir, vía diversificación e diferenciación, cos grandes establecementos.

A ampliación e a mellora das infraestruturas internas son as seguintes medidas consideradas como urxentes para os seus empresarios. Como acontece co desenvolvemento das infraestruturas externas, un bo desenvolvemento das comunicacións mellora a loxística, a mobilidade de persoas e as mercadorías e, como consecuencia as parroquias así como a cooperación e as transaccións comerciais entre os municipios.

Dada a conxuntura actual que se está a atravesar en termos económicos, as empresas reflíctena tras pedir accións urxentes de promoción económica e emprego, promoción do asociacionismo e cooperación para aproveitar as sinerxías, facilitación do acceso ao financiamento, a redución de impostos e a concesión de subvencións públicas, especialmente para a internacionalización e o acceso a novos mercados para incrementar os ingresos e os apoios específicos para favorecer iniciativas de innovación de produtos e procesos que permitan incrementar a competitividade a través da vía de diferenciación e dos prezos.

O funcionamento da recollida e do tratamento de residuos sólidos urbanos tamén é unha das medidas urxentes consideradas en temas de xestión ambiental, seguidas de medidas como a implantación de sistemas de xestión ambiental en todas as empresas e a conservación de espazos naturais.

Outras accións concretas para o eixe Bueu-Cangas-Moaña son as medidas de apoio para o deseño de plans estratéxicos para a modernización das empresas no marco de plans coordinados para o desenvolvemento da bisbarra no seu conxunto.

8.2.2. VALORACIÓN DOS FACTORES CRÍTICOS PARA O DESENVOLVEMENTO

O seguinte cadro reflicte a valoración dos factores críticos propostos aos empresarios para avaliar. Os resultados das súas valoracións foron os seguintes:

		PRIORIDADE
A	Debe dotarse de orzamento e competencia a un órgano supramunicipal na bisbarra do Morrazo	1
	Captación de investimentos foráneos	2
	Apertura a mercados nacionais e internacionais	3
B	Desestacionalización da demanda dos produtos e servizos do Morrazo	4
	Sustentabilidade e mellora dos recursos naturais de calidade existentes no municipio	5
	Incorporación de avances tecnolóxicos	6
	Compatibilidade das actividades de turismo, industria e servizos entre si	7
C	Diversificación de actividades produtivas	8
	Mellor trazado dos produtos e dos servizos do Morrazo	9
D	Debe potenciarse a creación dun eixe económico e de infraestruturas entre O Morrazo, Pontevedra e Vigo	10
	Mellora das infraestruturas viarias dentro do municipio e conexión co resto da bisbarra e da provincia	11
	Respecto ambiental das actividades de turismo, industria e servizos	12
	Formación do persoal	13

Como se pode apreciar no cadro, agrupáronse os factores críticos por bloques e, á súa vez, por orde de prioridade.

Os factores que se consideran máis relevantes son tres, agrupados no bloque A: a dotación de orzamento e competencia a un órgano supramunicipal dos municipios que coordine e dirixa as funcións que se lle encomenden, a captación de investimentos foráneos e a apertura a mercados nacionais e internacionais. Estes factores responden á preocupación dos empresarios por unha cooperación supramunicipal de xestión e,

por outro lado, á captación de recursos para acometer proxectos empresariais así como a ampliación das súas fronteiras comerciais para xerar maiores ingresos.

Deseguido, no bloque B, considéranse os factores críticos que consideran aspectos para desenvolver a medio ou longo prazo como é a desestacionalización da demanda, a sustentabilidade e a mellora dos recursos, a incorporación de avances tecnolóxicos ou a compatibilidade das diferentes actividades produtivas para xerar un desenvolvemento sustentable da bisbarra e mellorar a competitividade das empresas.

Por último, nos bloques C e D, considéranse os eixes como a diversificación de actividades produtivas co obxectivo de que as empresas poidan xerar beneficios uniformes ao longo do ano e, como un aspecto básico para a consecución de todas as anteriores, a mellora das infraestruturas interiores e exteriores e a formación.

8.2.3. VALORACIÓN ÁMBITOS ESTRATÉXICOS PARA O FUTURO

No seguinte cadro, reflíctense as valoracións dos ámbitos estratéxicos para o futuro que se propuxeron aos empresarios na enquisa. Os resultados das súas valoracións foron os seguintes:

		PRIORIDADE
I	I+D+i	1
	Profesionalización e modernización	2
II	Imaxe do municipio	3
	Marca de calidade dos produtos/servizos	4
III	Ordenación do territorio e dos usos do solo	5
	Infraestrutura e equipamento	6
IV	Cooperación entre empresas	7
	Financiamento e apoios institucionais	8
	Formación do cadro de persoal	9

O bloque I contén os aspectos para incidir no seo das empresas da zona e son os máis valorados, trátase do I+D+i e a profesionalización e a modernización das empresas. A incidencia, nestes ámbitos, resulta crucial para mellorar a competitividade das empresas e a renovación constante como esixe, na actualidade, no mercado.

No bloque II encontramos os ámbitos estratéxicos relacionados co márketing e a oferta turística que se proxecta cara ao exterior. O coidado da imaxe dos municipios e o establecemento dunha marca de calidade dos seus produtos e dos seus servizos propiciarían unha excelente publicidade para estas áreas xeográficas.

O terceiro bloque reflicte aspectos para mellorar polas administracións públicas como son a preocupación pola aprobación dun plan de ordenación urbana e as dotacións de infraestruturas e equipamentos.

Por último, no bloque IV encóntranse a cooperación entre as empresas para aproveitar as sinerxías que xurdan, a necesidade de maiores apoios institucionais e, por último, unha axeitada formación do equipo.

9. DIAGNÓSTICO ESTRATÉGICO RESULTANTE

9.1. FORTALEZAS

1. Estrutura nova da poboación para os parámetros de Galicia que constitúe unha zona claramente dinámica.
2. Posesión de valores naturais, patrimoniais, ambientais e xeográficos como base para a calidade e a excelencia turística; ademais dunha diversificada oferta de actividades de ocio, todo iso favorecedor da potenciación da actividade comercial.
3. Riqueza dos fondos mariños: as altas produtividades pesqueiras das rías de Vigo e Pontevedra que favorecen a proliferación de empresas dedicadas á extracción, á transformación e á comercialización dos seus produtos.
4. Desenvolvemento notable da acuicultura como forma alternativa e rendible de explotación dos recursos mariños.
5. Situación xeográfica estratéxica no marco do eixe Oporto-Vigo-A Coruña da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, zona de gran dinamismo e de gran contacto empresarial, así como no espazo socioeconómico específico da área metropolitana de Vigo, Baiona e as illas Cíes e Ons.
6. Existencia dunha infraestrutura que conecta Bueu-Cangas-Moaña a través do corredor do Morrazo coa autoestrada AP-9 que atravesa Galicia e conecta co norte de Portugal; ademais de boa localización a través da ría que ofrece a conexión de transporte marítimo con Vigo.
7. Consolidación da industria naval, da conserva e da pesqueira, sobre todo das actividades relacionadas co mar.

8. Tendencia á mellora do asociacionismo empresarial, especialmente na actividade comercial.

9.2. DEBILIDADES

1. Mercados obxectivo reducidos: a limitación de alcance ao mercado rexional, local, provincial e nacional implica renunciar á posibilidade de expansión a outros mercados, como o conxunto da península Ibérica, o ámbito da UE e mesmo o extracomunitario.
2. Deficiente transporte de viaxeiros por estrada en toda a bisbarra como alternativa ao uso do vehículo particular que poida desconxestionar o tráfico, así como a inexistencia ou a insuficiencia de plataformas intermodais comarcais que puidesen facer factible o uso doutros medios alternativos.
3. Inexistencia de polígonos industriais con dotacións axeitadas: a planificación de calquera parque empresarial implica unha infraestrutura que permita o correcto saneamento deste e a fluidez na entrada e na saída do correspondente tráfico de mercadorías, con conexións rápidas e eficaces cara a plataformas loxísticas e portos.
4. Importancia da economía somerxida que impide o acceso ao traballo do persoal máis cualificado e provoca unha forte competencia desleal.
5. Expansión urbanística desordenada, que impide a planificación racional do solo urbano e das infraestruturas necesarias segundo o tipo de uso deste, debido á falta da aprobación e da posta en marcha dos plans xerais de ordenación municipal.
6. A estacionalidade da demanda, demasiado ligada aos movementos de poboación turísticos e sometida ás conseguíntes fluctuacións periódicas.

7. A inexistencia de cohesión comarcal. A integración da bisbarra do Morrazo, parcialmente, na Mancomunidade da Área Interna Municipal de Vigo debería articularse con orzamento e competencias propias para o desenvolvemento máis ambicioso de infraestruturas (estradas, parques empresariais e loxísticos etc.) e as súas dotacións correspondentes, así como para a prestación eficiente de servizos mancomunados. En todo caso, todas as consecuencias para o impulso da área metropolitana de Vigo deben formularse con sinerxías e equidade para todos os municipios afectados.
8. A ineficiente rede de saneamento, a xestión de residuos e a falta de conciencia ambiental, como elementos xeradores de sinerxías, riqueza e valor engadido para todas as actividades da bisbarra.
9. A contaminación das rías supón unha traba ambiental para o desenvolvemento sustentable dos municipios orientados cara o mar e cara a costa.
10. O freo ao desenvolvemento turístico debido á escasa oferta hoteleira da zona e a existencia de economía somerxida.

9.3. OPORTUNIDADES

1. A definición de mercado obxectivo: a pertenza á Unión Europea abre as portas dun mercado potencial de máis de 450 millóns de habitantes a quen dirixir os produtos e os servizos do Morrazo.
2. A oportunidades a nivel estratéxico, empresarial e de infraestruturas do eixe Bueu-Cangas-Moaña pola súa situación estratéxica no centro do ámbito da eurorrexión de cooperación transfronteiriza que integra as zonas xeográficas do norte de Portugal e Galicia.
3. A tendencia sociocultural de valoración e goce do turismo de calidade, que

- inclúa a posibilidade de deleite dun rico patrimonio histórico, social e cultural.
4. As administracións públicas, no marco da normativa da Unión Europea, están obrigadas ao investimento en redes de saneamento para a preservación ambiental, e son proclives ao financiamento de proxectos de I+D+i e ao apoio a marcas de calidade que poidan xerar valor engadido.
 5. A fortaleza do eixe industrial do sur de Pontevedra: este eixe concentra unha das zonas de maior industrialización e poboación de Galicia, os portos de Vilagarcía, Marín e Vigo (porto cabeceira dunha das autoestradas do mar cara a Francia), e o aeroporto de Vigo, entre outras infraestruturas.
 6. A posibilidade de aproveitar as novas tendencias de hábitos de consumo e alimentación que están en auxe como a agricultura ecolóxica, os produtos naturais e funcionais co selo de calidade da denominación de orixe e a marca de Galicia que pode ofrecer a bisbarra debido á superficie agrícola e gandeira dispoñible.
 7. A ampliación da atracción respecto á poboación da área de Vigo que pola proximidade, ao menor custo das vivendas e con dispoñibilidade do comercio e dos servizos.
 8. O potencial desenvolvemento de actividades turísticas e complementarias a través de infraestruturas, equipamentos e actividades deportivas vinculadas á dispoñibilidade de bos recursos naturais.
 9. Os proxectos de construción de infraestruturas portuarias e náuticas que dean maior cobertura ás actividades marítimas.
 10. A potenciación das infraestruturas externas que serán realmente completas cando se leve a cabo a licitación da autovía que constitúa o desdoblamento do Morrazo.

9.4. AMEAZAS

1. A crise económica e financeira que afecta o emprego, o consumo e o investimento e que repercute, negativamente, na situación empresarial e na poboación da zona.
2. A competencia de mercados, produtos e servizos externos máis baratos. A deslocalización de empresas para buscar o aforro de custos laborais, fundamentalmente, fai necesaria a diferenciación na calidade dos produtos e servizos locais para non perder mercados, e mesmo amplialos.
3. O maior desenvolvemento de infraestruturas de todo tipo, turísticas e de transporte, que supoñen o incremento da competencia por parte doutras áreas xeográficas.

10. FACTORES CLAVE DO DIAGNÓSTICO ESTRATÉXICO

A continuación, identifícanse os principais factores clave do diagnóstico estratéxico, derivados da interrelación dos elementos DAFO, que levarán, no seguinte apartado, a propoñer uns eixes estratéxicos básicos para a mellora da competitividade da bisbarra para desenvolver a través dun conxunto de programas de actuación:

1. Necesidade de sustentabilidade e de mellora dos recursos naturais de calidade existentes nos municipios

Debido a que os municipios do eixe Bueu-Cangas-Moaña teñen unha gran relación tradicional cos recursos mariños e co seu ámbito, dos que se nutren os sectores máis importantes da zona, resulta desexable a protección destes para o correcto desenvolvemento do ámbito natural e económico da zona, de maneira que resulte compatible a explotación deste medio coa súa conservación, coa súa sustentabilidade e co seu mantemento de condicións ambientais idóneas para a súa rexeneración.

As actuacións de xestións ambientais e políticas de desenvolvemento sustentables son clave pola evidencia de que se non se producise unha axeitada conservación e/ou se desenvolvese a explotación excesiva dos recursos, a zona se enfrontaría cunha situación moi grave xa que posúe unhas calidades costeiras e marítimas excelentes.

2. Compatibilidade das actividades de turismo, industria e servizos entre si

O desenvolvemento do turismo segue a ser unha das materias pendentes de impulsar máis decididamente, na zona, debido á escasa oferta hoteleira e ao seu compoñente estacional polo que non acaba de crecer intensamente. Existe unha gran riqueza cultural e unhas ofertas de actividades de ocio sobre todo náuticas que poden impulsar este sector, dado que se dispón de infraestruturas e equipamentos para iso,

ademais, pola situación xeográfica respecto ao contexto exterior, require unhas bases de actuación e promoción turística que animen a poboación a achegarse á bisbarra.

En definitiva, o desenvolvemento do turismo resulta unha actividade moi favorecedora da zona que pode actuar como motor desta dado que, complementada cunha boa oferta de servizos, poida supoñer unha gran fonte de riqueza para a bisbarra e, consecuentemente, unha axuda para integrar as cadeas produtivas existentes que tras ter en conta que, practicamente, todas as actividades están relacionadas cos recursos naturais.

3. Necesidade de ampliar mercados nacionais e internacionais así como captación de investimentos internos e foráneos

Esta posibilidade, practicamente incipiente, supón unha gran vía de desenvolvemento para as empresas da bisbarra. Só as grandes empresas e as multinacionais navais, as pesqueiras ou as acuícolas están inmersas nestes mercados. A apertura do mercado, fóra da rexión, supón xuntar esforzos para a expansión e a internacionalización da gran maioría das empresas dos municipios de Bueu, Cangas e Moaña.

Nunha situación comarcal onde existe unha excesiva atomización das empresas con falta de formación específica nas distintas actividades e na profesionalización en mercados exteriores, é necesario desenvolver actuacións de cooperación entre os sectores, as empresas e os municipios, ademais de aproveitar a súa posición xeográfica próxima ao norte de Portugal e entre as áreas de grande influencia que supoñen **Vigo** e a capital de provincia Pontevedra, das cales se pode aproveitar as sinerxías das grandes empresas instaladas nesas zonas que posúen maior experiencia en mercados nacionais e internacionais. Todo isto, xunto coa asociación dos produtos e dos servizos, cunha imaxe de calidade ou denominación de orixe e cunha boa orientación ao márketing, produciría un aproveitamento das economías de escala que supoñerían a modernización e a mellora das estruturas empresariais e sociais da bisbarra.

Outro punto no que incidir para o devandito progreso da zona neste ámbito é a posibilidade de captar os investimentos tanto os internos coma os foráneos. Trátase de potenciar a zona como un excelente enclave de desenvolvemento empresarial no contexto da provincia, para realizar investimentos que sexan beneficiosos tanto para o empresario coma para o ámbito. É importante a implicación que poidan desenvolver as administracións públicas co apoio con campañas de márketing que promovan o investimento na bisbarra que destaquen as súas calidades, xunto coa necesidade de que existan e se promovan unhas políticas por parte das forzas vivas locais que conduzan a incentivar os investimentos tanto os internos coma os foráneos.

No contexto actual de crise económica e financeira múltiple, con especial incidencia no financiamento externo das empresas, é fundamental a aceleración de medidas que faciliten a maior accesibilidade ao crédito das pequenas empresas e dos autónomos.

4. Importancia das redes de comunicación co exterior así como a mellora das infraestruturas viarias dentro e entre os municipios xunto coa aprobación dun plan xeral de coordinación territorial

As comunicacións do eixe Bueu-Cangas-Moaña con respecto ao resto da provincia melloraron relativamente, nos últimos anos, grazas á construción do corredor do Morrazo que conecta o interior da bisbarra coa autoestrada AP-9 galega e é, ademais, un enlace directo co resto da comunidade autónoma e o norte de Portugal o que favoreceu as comunicacións exteriores da zona. Non obstante, no que respecta ás comunicacións interiores, son limitadas ao existir estradas que discorren polas poboacións dos municipios e que, en moitas ocasións, se ven colapsadas pola grande afluencia da poboación que se despraza ás costas desta zona (sobre todo en época estival). Esta situación evidencia que resulta imprescindible unha boa planificación destas infraestruturas que conectan os municipios da península do Morrazo para axilizar o desenvolvemento empresarial. Todo iso con **especial atención ás** circunvalacións de Cangas e Moaña.

Á parte desta deficiente conectividade interior, é necesaria a aprobación dun plan xeral de ordenación territorial que permita mellorar o equipamento urbano dispoñible para os seus habitantes, como son o transporte interurbano, as zonas de aparcadoiro, a dispoñibilidade de banda ancha ou as subministracións que chegan ás empresas e aos fogares. Ao mesmo tempo, é preciso unha especial atención ás melloras necesarias para as próximas necesidades empresariais que poida ter a bisbarra en relación co solo empresarial e cos servizos e equipamentos deste.

5. Desestancamento da demanda dos produtos e dos servizos

A estancamento da demanda, nestes municipios, é unha característica destes, debido á grande afluencia turística ligada ao goce dunhas costas privilexiadas e á realización de actividades náuticas que se desenvolven, sobre todo, durante a primavera e o verán. Para poder corrixir esta tendencia e lograr unha evolución máis uniforme da actividade así como ter un equilibrio que faga que as empresas dependentes deste sector sexan máis produtivas durante todo o ano, o maior desenvolvemento do turismo náutico constitúe o primeiro aspecto para promover a desestacionalización da demanda xunto coa promoción dun turismo de calidade baseado na afluencia doutras rexións nacionais e europeas. Unha actuación que favorecería estas iniciativas sería a adecuación da oferta hoteleira a este tipo de turismo, a promoción da restauración aproveitando os produtos e gastronomía da zona, segundo as épocas do ano, o desenvolvemento de competicións náuticas en épocas non estivais así como organizando máis eventos de ocio...etc. Desde a perspectiva cultural hanse de poñer en valor o rico patrimonio histórico de fábricas de conservas e de salgadura, faros, lonxas, confrarías, portos e estaleiros de toda a zona.

6. Necesidade de formación do persoal e mellor adecuación do sistema educativo ás necesidades do tecido empresarial

A formación do persoal é unha das carencias que sofre esta zona, a necesidade de formación axeitada ás necesidades da bisbarra, sobre todo no que respecta ao sector

servizos. Un maior grao de profesionalización é imprescindible para ofrecer un mellor servizo que plasme a calidade turística que se quere ofrecer interrelacionada co resto dos sectores, para que o desenvolvemento das actividades empresariais resulten máis eficientes.

Cabe destacar a escasa integración entre a oferta educativa e o sistema de formación dispoñible coas necesidades do tecido empresarial da zona que provoca que non se poidan satisfacer as necesidades concretas de cualificación dos recursos humanos da actividade produtiva comarcal.

7. Necesidades de dotación dun orzamento e dunhas competencias a un órgano supramunicipal no eixe Bueu-Cangas-Moaña

Na actualidade, existe a Mancomunidade de Concellos do Morrazo que se encarga da recollida dos residuos que xeran as empresas e a poboación de toda a zona do Morrazo. Non obstante, é necesario que a actuación do devandito organismo se estenda a outras actividades e servizos para a bisbarra e que a dote de presupostos e de maiores competencias que permitan coordinar mellor o desenvolvemento da zona, ou ben que se cree un novo órgano supramunicipal que poida coordinar e optimizar os asuntos que se poidan xestionar en común.

Para que a xestión e os contactos entre os municipios sexa máis eficiente, áxil e coordinada, este organismo deberá asumir unhas tarefas comúns en temas como o transporte público, os parques empresariais, as plataformas loxísticas, a sanidade, os servizos sociais e outras infraestruturas e equipamentos necesarios para o desenvolvemento socioeconómico da zona.

8. A importancia da diversificación das actividades produtivas e da incorporación de avances tecnolóxicos nas empresas

A diversificación e o impulso das actividades en todos os sectores empresariais, ademais das relacionadas coa costa e o mar, características de gran riqueza da zona,

constitúen un punto crucial para o desenvolvemento da bisbarra. O apoio das institucións ás accións innovadoras han de servir para a incorporación dos avances tecnolóxicos necesarios para a modernización das empresas e para a mellora da súa competitividade nas actividades tradicionais da zona (o turismo e o ocio, a transformación de produtos derivados do mar, a industria naval e os bens de equipo, desenvolvemento comercial etc.).

Débese facer especial fincapé na diversificación da agricultura cara aos novos hábitos de consumo e o maior aproveitamento da gran superficie forestal que posúe a zona.

11. PROPOSTAS ESTRATÉXICAS PARA A MELLORA DA COMPETITIVIDADE

11.1. EIXES ESTRATÉXICOS BÁSICOS

A continuación, expónse cada un dos eixes estratéxicos coas correspondentes estratexias que se derivan de cada un deles e destas liñas estratéxicas que permitirán a consideración de propoñer os programas de actuación que concretan o plan para o desenvolvemento socioeconómico empresarial da área Bueu-Cangas-Moaña.

A cooperación

- Fomentar a cooperación entre as institucións públicas e as entidades privadas para axudar a impulsar o eixe económico formado por Bueu-Cangas-Moaña, co obxecto de lograr maiores beneficios para as súas empresas e para os seus habitantes.
- Coordinación entre as competencias das institucións públicas a nivel provincial, autonómico e estatal que se axuste ás necesidades da súa poboación, e permita a cohesión entre os seus municipios.
- Promover o asociacionismo e a cooperación entre as empresas destes municipios para poder aproveitar os coñecementos, as economías de escala etc. e, así, obter un maior desenvolvemento do tecido produtivo.
- Asentar a coordinación e a cooperación das diferentes actividades produtivas para poder apoiarse entre si e prosperar conxuntamente.

A formación

- Impulsar a obtención de acordos de colaboración entre as empresas e as institucións educativas para que exista maior coordinación das ensinanzas educativas reguladas e non reguladas de forma que se poidan axustar, en maior medida, ás necesidades das empresas e ás institucións da zona.
- Potenciar a formación continua nas empresas, nas entidades e nas institucións para obter un alto nivel de profesionalidade e adecuarse ao avance de novas tecnoloxías.
- Promover a realización de cursos de formación ocupacional adaptados ás necesidades das actividades empresariais, así como facilitar a información sobre estes e o acceso de todos os habitantes desta zona.

A imaxe dos municipios asociada á calidade e ao coidado do medio

- Realizar as xestións ambientais e as políticas de desenvolvemento sustentables por parte da Administración e das empresas para compatibilizar a explotación do medio coa súa conservación, coa sustentabilidade e co mantemento de condicións ambientais idóneas.
- Facilitar ás empresas e ás institucións os sistemas de xestión de medio.
- Potenciar os instrumentos de promoción, a información, os acordos de colaboración así como as estratexias de comunicación que trasladen ao mercado unha imaxe de calidade para potenciar o turismo e intentar desestancar a demanda.
- Facilitar a adaptación a uns estándares de calidade dos produtos, dos servizos, das instalacións e dos equipamentos que melloren a percepción da clientela da bisbarra.

A ordenación do territorio

As infraestruturas e os equipamentos

- A necesidade da aprobación dun plan xeral de ordenación territorial conxunto para as empresas e para a poboación dos municipios, co obxectivo de mellorar o equipamento urbano dispoñible para os seus habitantes así como a dotación e o desenvolvemento dos parques empresariais.
- Fomentar a coordinación dos municipios para o deseño dos plans urbanísticos coherentes co desenvolvemento conxunto de toda a zona, en coordinación e buscar, así, o seu maior desenvolvemento.
- Promover o ordenamento do chan para o seu uso agrario, facilitar o uso da costa e dos recursos naturais mariños e ampliar as infraestruturas portuarias.
- O mantemento e a mellora das infraestruturas exteriores e maior desenvolvemento das infraestruturas interiores cunha mellor planificación.

Diversificación empresarial e especialización flexible

- Promover a diversificación e a especialización flexible das actividades relacionadas coa costa e co mar (agro, mar e industria).
- Potenciar a diversificación das actividades turísticas durante todo o ano para lograr descentralizar a demanda nunha soa estación.
- Fomentar a especialización flexible das restantes actividades do eixe Bueu-Cangas-Moaña (comercio, construción, reparación naval e bens de equipo, loxística, transporte, construción e rehabilitación...etc) para poder competir e cooperar mellor.

I+D+i

- Promover a posta en marcha de novas tecnoloxías orientadas a actividades relevantes dos municipios.
- Promover un achegamento entre as empresas e as institucións de investigación para que a investigación sexa o máis próxima á realidade da bisbarra.
- Fomentar a participación con centros xa existentes de investigación que acheguen un maior valor ás empresas.
- Desenvolver proxectos de I+D tanto para o estudo de novos produtos e produtos alternativos coma para a mellora no deseño e nos procesos produtivos.

A profesionalización da xestión e da modernización de actividades empresariais e da xeración de emprego

- Promover a creación e o uso o uso de viveiros de empresas para o apoio na especialización e, no seu caso, a creación de novas empresas no ámbito das distintas actividades do eixe Bueu-Cangas-Moaña e a súa diversificación de acordo co mercado global.
- Fomentar a aplicación de modelos de xestión das actividades empresariais relacionadas cos recursos naturais e cos servizos sociais para toda a bisbarra.
- Facilitar a posta en marcha de sistemas de dirección estratéxica que posibiliten a planificación a l/páx. nas diferentes actividades produtivas, entidades e institucións.

O financiamento e os apoios institucionais

- Impulsar proxectos de cooperación entre empresas con outras zonas.
- Facilitar a colaboración entre as empresas, as entidades, as institucións e os servizos de financiamento para que se poidan acometer os proxectos que sexan necesarios para o seu mellor funcionamento, maior competitividade e crecemento.
- Apoio á creación dun órgano supramunicipal que posúa dotación de presuposto e competencias.

11.2. PROGRAMAS DE ACTUACIÓN

Todos estes eixes deben concretarse nunha serie de programas de actuación divididos en dous grandes bloques: programas transversais e programas sectoriais, tal como se recolle seguidamente.

11.2.1. Programas transversais

Programas de promoción, difusión e calidade da comarca

- ❖ A promoción e a difusión de produtos, servizos, actividades culturais, de ocio e marítimas de forma conxunta entre as empresas, as asociacións e as institucións públicas para dar a coñecer unha imaxe de turismo de calidade á súa potencial clientela.
- ❖ A promoción da área e dos seus produtos, participando en feiras nacionais e internacionais, convencións e publicidade de grande impacto estratéxico nos ámbitos de mercado aos que se desexa chegar.
- ❖ Explotar aqueles puntos estratéxicos como son as áreas metropolitanas de Vigo e Pontevedra que agrupan a gran maioría da poboación da provincia e de Galicia para captar un maior volume de turismo.
- ❖ As campañas de control de calidade dos servizos e da posesión de denominacións de orixe que promovan a calidade da oferta que ofrece esta zona.

Programa de mellora da calidade ambiental

- ❖ Optimizar a xestión que se realiza dos residuos e, mesmo, mellorar a capacidade actual dos vertedoiros e do proceso dos materiais reciclables, así como mellora da recollida e do tratamento dos residuos sólidos urbanos e dos parques empresariais.

- ❖ A implantación de sistemas de xestión ambiental nas empresas, con especial fincapé nas xeradoras de residuos contaminantes.
- ❖ Preservar a importante masa forestal que posúen estes municipios e a optimización do uso desta.
- ❖ Reforzar o saneamento integral das rías e das iniciativas encamiñadas ao o seu sustentable aproveitamento económico.

Programa de desenvolvemento dunha planificación do territorio, das infraestruturas e dos servizos

- ❖ A mellora dos servizos dispoñibles para as empresas e para os cidadáns como as subministracións, os saneamentos, a disposición de banda ancha, o mantemento da iluminación pública e os viais, o mobiliario urbano etc.
- ❖ A adecuación e o desenvolvemento do solo empresarial así como as instalacións e os equipamentos portuarios para o tecido industrial e o aproveitamento turístico e deportivo.
- ❖ Conservar e mellorar as infraestruturas externas e facilitar as comunicacións entre as poboacións dos municipios, coa mellora das estradas intercomarcais e dos espazos de aparcadoiro, que faciliten a mobilidade e o consumo, nestas zonas, e a operatividade das súas empresas.
- ❖ Conservar e fomentar o servizo de transporte marítimo con Vigo como sistema alternativo e como servizo turístico.

Programa de fomento da formación e da creación de emprego

- ❖ Desenvolver unha formación ocupacional específica en función das necesidades do tecido empresarial da zona.

- ❖ Incentivar e mellorar a xeración de emprego estable nas empresas existentes aproveitando os apoios que ofrecen as institucións públicas para novas contratacións e para a redución do paro.
- ❖ Establecer en colaboración con as institucións públicas plans de formación orientados cara ao sector do comercio e dos servizos, refuxio de colectivos de mozos procedentes de sectores que en épocas de recesión expulsan moita man de obra, apoiándose fundamentalmente nas novas tecnoloxías.
- ❖ A profesionalización de sectores que estean especialmente influenciados pola importancia e pola utilidade da formación e da cualificación dos recursos humanos, a través da difusión e posta en marcha de accións formativas que correspondan ás necesidades específicas de cada actividade.
- ❖ Maior difusión de organizacións de apoio ás persoas traballadoras desempregadas como seminarios de buscas activas de emprego, orientación laboral, configuración de bolsas de emprego etc.
- ❖ Diversificar as actividades produtivas que sexan estacionais para crear máis emprego e aumentar a estabilidade destes a través de actividades complementarias.
- ❖ Incentivar a creación de servizos de apoio que faciliten a estabilidade do emprego nos parques empresariais (gardarías, centros asistenciais...etc.).

11.2.2. PROGRAMAS SECTORIAIS

Programa de desenvolvemento do sector do mar

- ❖ Promover accións que integren o proceso produtivo pesqueiro na conciencia ecolóxica, ambiental e sustentable e, así, protexer as zonas do litoral, minimizando os residuos xerados e reducindo ao máximo o impacto

negativo que se poida producir neste medio como consecuencia da explotación empresarial.

- ❖ Campañas de sensibilización sobre a aplicación de sistemas de calidade, de medio e de prevención de riscos.
- ❖ Promover os produtos resultantes destas actividades sobre a base do seu trazado e calidade a través de feiras, degustacións, promocións etc.
- ❖ Desenvolver as infraestruturas e os equipamentos marítimos para a potenciación deste sector.
- ❖ Potenciar e promover a importancia de realizar actividades de I+D+i que achegue maior coñecemento e eficiencia ao desenvolvemento produtivo dos produtos derivados do mar.
- ❖ Planificar e organizar a instalación destas actividades para que poidan ser compatibles co desenvolvemento do turismo marítimo.
- ❖ Busca e negociación de novas cotas e caladoiros para a actividade pesqueira de distancia.
- ❖ Facilidades de renovación da frota con criterios tecnolóxicos e ambientais máis eficientes.

Programa de desenvolvemento do sector turístico

- ❖ Accións que reflectan a vinculación do sector turístico cunha oferta de calidade, en produtos, servizos así como en comodidade de infraestruturas e equipamentos para o seu goce.
- ❖ Potenciar programas vinculados á busca de satisfacción da clientela a través de enquisas turísticas, que reflectan a percepción desta zona

xeográfica, a través da coordinación de asociacións existentes e da captación e/ou difusión de información en puntos turísticos.

- ❖ Campañas de promoción turística, feiras, convencións conxuntas, mesmo para complementar accións coordinadas con outras zonas.
- ❖ Detección das necesidades de mellora de infraestruturas, equipamentos e servizos náuticos para as actividades deportivas e de lecer.
- ❖ Diversificación das actividades marítimas de ocio, ao longo de todo o ano, que faciliten o crecemento do turismo náutico.
- ❖ Ampliación da oferta hoteleira de calidade tras ofrecer promocións e paquetes turísticos, sobre todo en tempadas baixas.
- ❖ Promover a obtención e a recompilación de enderezos e contactos dos consorcios turísticos e de entidades de promoción a nivel rexional así como súa facilitar a dita recompilación aos responsables de turismo da bisbarra.
- ❖ Maior profesionalización neste sector con especial fincapé na restauración.

Programa de desenvolvemento do sector da conserva

- ❖ Desenvolvemento dun tecido industrial da conserva innovador e das súas actividades auxiliares.
- ❖ Maior apertura a mercados internacionais competindo en diferenciación de calidade.
- ❖ Potenciar os investimentos privados no sector como oportunidade de negocio.
- ❖ Desenvolvemento de novos produtos tras apoiarse na investigación e no desenvolvemento para adaptarse aos novos hábitos de consumo.

Programa de desenvolvemento dos estaleiros, dos auxiliares do naval e dos bens de equipo

- ❖ Sensibilizar as empresas para o impulso de marcas comerciais para competir nos mercados.
- ❖ Impulsar o desenvolvemento de campañas de sensibilización para destacar a importancia do compoñente innovador para xerar valor engadido e mellorar a posición competitiva das empresas.
- ❖ Potenciar a formación específica do capital humano no desenvolvemento da actividade naval e dos bens de equipo.
- ❖ Maior grao de cooperación e coordinación entre as empresas e a súa industria auxiliar para o desenvolvemento conxunto de proxectos de I+D+i e para os aprovisionamentos.
- ❖ Mellorar as infraestruturas e os equipamentos das empresas tras potenciar unha maior incorporación das novas tecnoloxías.
- ❖ Impulsar a cooperación das entidades para a coordinación e a xestión dos sistemas de axudas públicas.

Programa de desenvolvemento do sector agrícola e gandeiro

- ❖ Fomentar o asociacionismo e a incorporación de pequenas explotacións ás cooperativas próximas para que lles permita ser competitivas.
- ❖ Potenciar o incremento do nivel de profesionalización nestas actividades.
- ❖ Diversificar a carteira de produtos, como consecuencia dos novos hábitos alimenticios ecolóxicos, saudables, naturais etc.
- ❖ Fomentar o mantemento dos sistemas de xestión de calidade.

- ❖ Desenvolver plans de formación continua e promoción interna para os postos de formación técnica.
- ❖ Potenciar e promover a boa imaxe do produto sobre a base dun mellor trazado e da certificacións de calidade.

Programa de desenvolvemento do sector comercio e dos servizos

- ❖ Promoción e creación de centros comerciais abertos de calidade agrupando os pequenos comercios da zona para competir vía diferenciación coas grandes superficies.
- ❖ Estandarización dunha atención de calidade ás persoas consumidoras para contribuír á satisfacción da clientela e, polo tanto, ao progreso e a mellora da imaxe da bisbarra.
- ❖ Maior profesionalización do sector, tanto tras adaptar os plans formativos así coma tras favorecer a formación continúa das persoas traballadoras. Neste sentido, establecer plans de formación específicos e baseados nas novas tecnoloxías dirixidos a colectivos procedentes doutros sectores que en épocas de recesión se vexan expulsados por sectores máis intensivos en man de obra (construción e naval).

Programa de desenvolvemento da construción

- ❖ Dada a conxuntura actual, buscar novas liñas de negocio como a rehabilitación de edificios e utilización de novos materiais.
- ❖ Promover a realización de acordos de cooperación entre as empresas de construción, os provedores e os promotores.
- ❖ Fomentar o desenvolvemento de actividades de formación orientadas cara as necesidades reais das empresas.

12. VALORACIÓN DAS PROPOSTAS ESTRATÉXICAS NA MESA DE TRABALLO

Máis alá de todo o exposto anteriormente, é importante ter en conta as persoas protagonistas do desenvolvemento de empresarial do Morrazo para o cal se levou a cabo un mesa de traballo, composta por representantes e persoas expertas dos distintos sectores económicos existentes en Bueu, Cangas e Moaña, e doutros axentes económicos.


Durante a mesa de traballo que se levou a cabo e que estivo formada por 15 representantes de Cangas, nas instalacións de FECIMO, solicitouse ás persoas participantes a valoración de todas estas propostas. Cada persoa asistente debía valorar as devanditas estratexias nunha escala do 1 (menos prioritario) ao 5 (máis prioritario) en función da importancia que para cada empresario tiveran as estratexias na competitividade das súas empresas.

12.1. VALORACIÓN DAS PROPOSTAS XERAIS

A táboa que se recolle, a continuación, é o resultado final das valoracións, na cal aparecen ordenadas, por orde de maior a menor importancia, as 17 estratexias xerais propostas.

En conxunto, percíbese un elevado grao de acordo coas estratexias propostas, xa que a valoración media é de 4.13, sobre un máximo de 5 puntos.


Por outro lado, é destacable que entre as 17 estratexias propostas, nove delas alcancen un valor superior á devandita media, o cal representa que máis da metade de todas as estratexias as persoas son asistentes percibíronas como especialmente prioritarias.



12.2. VALORACIÓN DAS PROPOSTAS ESPECÍFICAS

A táboa seguinte recolle o resultado final das valoracións na cal aparecen ordenadas, por orde de maior a menor importancia, as estratexias específicas propostas. Percíbese un elevado grao de acordo coas estratexias propostas, xa que a valoración media é de 4.01 (sobre un máximo de 5).





12.3. ACCIÓNS ESPECÍFICAS MÁIS URXENTES QUE REALIZAR

De entre todas as actuacións que se comentaron na mesa de traballo faise especial mención a un conxunto de accións específicas que matizan e complementan as prioritarias, consideradas como as máis urxentes para realizar.

1. ORDENACIÓN DO TERRITORIO E DAS INFRAESTRUTURAS DE COMUNICACIÓN

Na mesa, púxose en común a urxente necesidade de circunvalacións nos tres municipios así como acometer a construción do desdoblamento do corredor do Morrazo. Tamén se mencionou a necesidade da mellora de fluidez das comunicacións internas entre os tres municipios e, así, mellorar os viais xa existentes que complementan o corredor, así como a conexión con Marín. A isto súmase a existencia dun deficiente servizo de transporte público, tema para o que se insta á Administración para que axilice os trámites necesarios para a mellora.

Por outro lado, resulta imprescindible a aprobación dos plans xerais de ordenación urbana que ordenen o territorio e propoñen o total desenvolvemento do axeitado solo empresarial así como a mellora das dotacións de infraestruturas e servizos de calidade neste. Estas actuacións, que se deberían levar a cabo de forma conxunta entre os tres municipios, crearían un clima máis proclive á situación de empresas e, consecuentemente, á creación de emprego.

Especial atención merecen as inquietudes fundamentadas do comercio da zona no sentido da mellora de infraestruturas, dos equipamentos e da ordenación como elementos básicos condicionantes para a captación de empresas e visitantes e para a internacionalización dos servizos.

2. IMAXE DOS MUNICIPIOS

Outro dos temas comentados foi que a relación dos tres municipios mellorou sensiblemente. Ao longo dos anos, afortunadamente, produciuse un grande achegamento das relacións nesta zona, proba destes entendementos reflíctese na existencia dunha asociación empresarial a nivel supramunicipal e, mesmo, tamén a mellor relación a nivel da sociedade en xeral.

Non obstante, aínda permanece a existencia dun localismo político que se ha de superar coa realización de accións de cooperación entre as institucións públicas dos tres concellos e a busca dun órgano supramunicipal que actúe como motor económico da zona. A mancomunidade de municipios só realiza os servizos de recollida de lixo. Esta entidade debería aumentar as súas accións de cooperación intermunicipal.

É necesaria a elaboración dun plan conxunto de desenvolvemento común que promova actividades específicas en prol da mellora da imaxe da zona como as campañas de difusión conxuntas do turismo, o consenso dun pacto social para solucionar a fronte marítima destes municipios e optimizar a potenciación da cultura común.

3. O MAR COMO ELEMENTO AGLUTINADOR

Outra das accións con carácter urxente que se obtiveron da mesa de traballo pretende potenciar a idea, xa compartida, de que o mar, como elemento común e de unión, constitúa un elemento integrador das actividades económicas desta zona.

Esta actuación non sería posible sen que, en primeiro lugar, exista unha sustentabilidade do medio mariño, polo que se necesita, de xeito urxente, un plan de actuación para o saneamento das rías que se complemente coas actuacións necesarias para a sustentabilidade das actividades industriais e, así,

poder conservar o mar en perfectas condicións para o seu goce e para a súa explotación.

En canto á integración de todas as actividades do mar, trátase de diversificar a oferta turística local e ofrecer as experiencias que poñan en valor a importancia dos recursos mariños e mariñeiros como por exemplo a oferta gastronómica. Preténdense fomentar as actividades que ofrezan ao turista a posibilidade de experimentar unha vivencia tradicional no municipio como é a pesca, a acuicultura e o marisqueo.

Todas estas actividades deben realizarse de forma conxunta polos tres municipios.

4. POLÍTICAS DE FOMENTO DO EMPREGO

Neste ámbito, insistiuse en aspectos encamiñados cara o fomento de emprego. Por un lado, coa creación de novas empresas, onde existe unha necesidade de maior apoio ao emprendedor en termos de asesoramento e acompañamento, para o que se propón a potenciación de viveiros de empresas.

Por outro lado, no que respecta aos problemas de financiamento para estas novas empresas, propónse o apoio a novos modelos de financiamento, puntos de encontro entre investidores e emprendedores ou a participación en sociedades de capital de risco co fin de poder dar o apoio económico necesario para que os emprendedores e os empresarios poidan acometer os seus proxectos.

Tamén se volveu insistir en que a creación de solo empresarial, nestes municipios, podería supoñer a entrada de novas empresas, na zona, coa consecuente creación de emprego.

5. PROFESIONALIZACIÓN DO SECTOR TURÍSTICO, DO COMERCIO E DOS SERVIZOS

Outra das conclusións trasladadas, no desenvolvemento da mesa de traballo, foi a necesidade urxente de levar a cabo unha profesionalización do sector turístico e dos servizos que supoñería poder elevar o nivel de calidade destes sectores.

A través da formación profesional, a aplicación de sistemas de xestión ou de calidade podería mellorar esta situación. Trátase de impulsar a capacitación profesional nestas actividades, xa sexa no ámbito privado como as levadas a cabo desde os propios concellos, sobre todo nos aspectos de deseño gastronómico, o trato e a atención de calidade ao cliente, o dominio das aplicacións informáticas, así como o coñecemento de idiomas.

6. INTERNACIONALIZACIÓN DE EMPRESAS

Tras concluír as accións urxentes para realizar, tratouse o tema de que tanto as empresas de nova creación coma as empresas que xa se encontran instaladas, necesitan a busca de mercados alternativos sólidos para facer fronte ao descenso actual da demanda interna.

Para iso, as empresas necesitan servizos de apoio, asesoramento, información dos instrumentos do mercado exterior e o coñecemento de experiencias internacionais. As accións que se suxeriron son a través da potenciación da información a empresas, a asociacións, mellorar a formación para que as empresas saian ao exterior, así como a incorporación de novas tecnoloxías para a rápida actualización de coñecementos e o logro da mellora competitiva no marco dun mercado global.

13. CONSIDERACIÓN ESPECÍFICA DO CONTEXTO DA EURORREXIÓN GALICIA-NORTE DE PORTUGAL

Despois de anos pasados de insuficiente relación co norte de Portugal e tras a entrada de ambos os dous países na Comunidade Europea, no ano 1986, (na actualidade Unión Europea), a tendencia dos países da Unión, e cada vez máis de espazos rexionais do conxunto mundial, trata de establecer as máximas conexións posibles para a optimización da libre circulación de persoas, mercadorías e capitais e mesmo coordinar políticas e medidas comúns.

O proceso de construción e consolidación dun espazo único en Europa creou unha nova dinámica nas relacións entre os axentes institucionais, os económicos e os sociais dos estados membros. Esta nova dinámica deu lugar a unha serie de territorios que, nalgúns casos, forman parte de dous estados fronteirizos e que conforman un marco xeral no que contextualizan e vertebran mecanismos de intensa proxección económica, social e cultural e que afectan o conxunto da sociedade.

Concretamente, Galicia e o norte de Portugal, dous territorios pertencentes a dous estados políticos diferentes, comezaron un camiño conxunto para poñer de manifesto todas as similitudes e complementariedades mediante unha estruturación territorial que posibilita a aplicación de políticas comunitarias e, así, establecer a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

A Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal comprende os distritos portugueses de Braga, Bragança, Porto, Vila Real e Viana do Castelo así como as catro provincias galegas: A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra. Estes distritos e estas provincias forman as dúas rexións incluídas: Comunidade Autónoma de Galicia e rexión norte de Portugal.

Este tipo de cooperación é un dos medios máis eficaces para chegar a aglutinar as poboacións separadas por unha fronteira existente a nivel político pero non existente a outros niveis, así como para impulsar o desenvolvemento das zonas fronteirizas baseado en vantaxes da cooperación e lograr, así, unha área competitiva e de elevado crecemento no seo da Unión Europea. Vantaxes, especialmente, derivadas das economías de escala, dimensión, capacidade, integración do coñecemento ou especialización das súas empresas.

O eixe Bueu-Cangas-Moaña posúe os instrumentos necesarios para poder aproveitar as devanditas sinerxías ao encontrarse nunha situación de enclave, formando parte da área xeográfica que engloba o eixe comercial atlántico de Oporto-Vigo-Vilagarcía-Santiago-Ferrol-A Coruña.

Ademais, a zona posúe infraestruturas exteriores que lle conectan directamente coa autoestrada AP-9 e enlazar, nun tempo mínimo, coas grandes zonas metropolitanas como Vigo e, a pouco máis dunha hora, coa área metropolitana de Porto e Gaia.

As vantaxes directas que pode apreciar o eixe son:

- O incremento do turismo tras considerar o norte de Portugal como lugar de mercado turístico.
- O incremento da facturación comercial como consecuencia do devandito turismo.
- O impulso das relacións empresariais en xeral e a captación de novos clientes, tras aproveitar as relacións mercantís e as institucionais xa establecidas dentro da eurorexión.
- A posición avantaxada para a internacionalización das empresas en Portugal, tras aprender de proxectos xa existentes e realizados con éxito entre empresas do norte e sur da eurorexión.

- As oportunidades de investimento de empresas portuguesas na zona xa que existen contactos previos establecidos entre as organizacións empresariais da eurorrexión.

En definitiva, trátase de que o eixe Bueu-Cangas-Moaña se estableza de xeito específico como eixe económico dentro da cooperación transfronteiriza que se leva a cabo na Eurorrexión Galicia- Norte de Portugal.


14. ANEXOS

PANEL DE EXPERTOS


TURISMO-HOSTELERIA	1 HOTEL AIRIÑOS DO MAR	FERNANDO GRAÑA MOROY
	2 RODEIRAMAR 2A	MERCEDES RODAL MALLO
	3 CASA ACUÑA	MARIA JESUS OTERO ACUÑA
CONSTRUCCIÓN	4 PONTE DO RIO BOUZÓS	LUIS GUIMERANS CURRA
	5 CONSTRUCCIONES J.L. ALVAREZ SOUTO	JOSE LUIS ALVAREZ SOUTO
NAVAL-METAL	6 SEBASTIAN JUNCAL	SEBASTIAN JUNCAL CURRÁS
	7 NODOSA	ALBERTO DOPICO MARTÍNEZ/ RAFAEL OUTEIRAL
SERVICIOS	8 TALLERES DAVISAN	PABLO PAZOS SANTACLARA
	9 ASESORIA NOGUEIRA&VIDAL	FELICIANO NOGUEIRA VIDAL
TRANSPORTES	10 PELUQUERIA BALBINA	BALBINA CORRALES SOAGE
	11 AUTOBUSES CERQUEIRO	JOSE CERQUEIRO DÍAZ
COMERCIO	12 LIBRERÍA MIRANDA	FERNANDO MIRANDA ESTÉVEZ
SERVIZOS EMPRESARIAIS	13 FECIMO	XOSÉ BANGUESES GARCÍA
CONSERVA	14 PALACIO DE ORIENTE	IVAN ALONSO JÁUDENES
AXENTES ECONÓMICOS	15 CONCELLO DE BUEU	SONIA CABODEVILA PORTELA
	16 CONCELLO DE CANGAS	CARMEN FANDIÑO DOCIO
	17 CONCELLO DE MOAÑA	MARIA TOREA

PARTICIPANTES NA ENQUISA

Procedencia



Clasificación sectorial



DATOS DA EMPRESA		
Razón Social:		Actividade máis representativa:
Enderezo:		
Persoa de Contacto:	Tif:	Mail:

ACTIVIDADE		
Facturación anual:	Número de empregados:	
Procedencia Capital social da empresa.	Local <input type="checkbox"/>	Norte de Portugal <input type="checkbox"/>
	Galego (no local) <input type="checkbox"/>	Resto do mundo <input type="checkbox"/>
	Español (no galego) <input type="checkbox"/>	Resto de Europa <input type="checkbox"/>
Actividade	Agro-mar-industria <input type="checkbox"/>	Turismo, ocio, cultura <input type="checkbox"/>
	Construción, Promoción Inmobiliaria <input type="checkbox"/>	Comercio <input type="checkbox"/>
	Metal-mecánica <input type="checkbox"/>	Servizos a empresas <input type="checkbox"/>
	Textil-Confección-Moda-Complementos <input type="checkbox"/>	Educación e saúde <input type="checkbox"/>
	Bens de equipo e industria auxiliar <input type="checkbox"/>	Construción e reparación naval <input type="checkbox"/>
	Loxística e Transporte <input type="checkbox"/>	Forestal e produtos transf. madeira <input type="checkbox"/>
	Rocas ornamentais e prod. non metálicos <input type="checkbox"/>	Tecnoloxías información e comunicación <input type="checkbox"/>

XESTIÓN.						
Personalidade xurídica da Empresa	S.A. <input type="checkbox"/>	S.L. <input type="checkbox"/>	Coop. <input type="checkbox"/>	S.Unip <input type="checkbox"/>	P.Física <input type="checkbox"/>	Outros <input type="checkbox"/>
¿Ten implantado un sistema de calidade? (Ex. - ISO)	Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	A cualificación media do seu persoal parécelle		Boa <input type="checkbox"/> Regular <input type="checkbox"/> Mala <input type="checkbox"/>		
¿Ten implantado un sistema de xestión medioambiental?	Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	¿Ten un sistema de prevención de riscos?		Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>		
¿Ten unha estrutura organizativa formal?	Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	¿Levan a cabo unha planificación e control de custos?		Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>		

COMPRAS.				VENTAS.			
¿Onde se atopan os seus provedores?				¿Onde se encontran os seus clientes?			
Comarca <input type="checkbox"/>	Norte de Portugal <input type="checkbox"/>	Comarca <input type="checkbox"/>	Norte de Portugal <input type="checkbox"/>				
Provincia <input type="checkbox"/>	Países da UE <input type="checkbox"/>	Provincia <input type="checkbox"/>	Países da UE <input type="checkbox"/>				
Resto de Galicia <input type="checkbox"/>	Terceiros países <input type="checkbox"/>	Resto de Galicia <input type="checkbox"/>	Terceiros países <input type="checkbox"/>				
Resto de España <input type="checkbox"/>		Resto de España <input type="checkbox"/>					
Evolución das subministracións							
Electricidade	Aumenta <input type="checkbox"/>	Mantense <input type="checkbox"/>	Diminuíu <input type="checkbox"/>				
Auga	Aumenta <input type="checkbox"/>	Mantense <input type="checkbox"/>	Diminuíu <input type="checkbox"/>				
Gas	Aumenta <input type="checkbox"/>	Mantense <input type="checkbox"/>	Diminuíu <input type="checkbox"/>				
Combustibles	Aumenta <input type="checkbox"/>	Mantense <input type="checkbox"/>	Diminuíu <input type="checkbox"/>				

PRODUTOS E IMAXE.			
¿Usa enquisas de satisfacción dos seus clientes?	Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	¿Os seus produtos / servizos teñen un selo, distintivo ou denominación de marca / calidade?	Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>
A satisfacción percibida dos seus clientes é	Alta <input type="checkbox"/> Media <input type="checkbox"/> Baixa <input type="checkbox"/>	¿Ten un sistema de recepción de queixas / reclamacións?	Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>
Expectativas sobre a evolución dos mercados. (escriba unha B para ben, M mal, R regular)			
<p>♣ Mercado local----- ♣ Mercado provincial----- ♣ Resto da rexión----- ♣ Norte Portugal-----</p> <p>♣ Nacional----- ♣ Unión Europea----- ♣ 3^{os} países-----.</p>			

INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS	
¿Necesita solo empresarial/locais comerciais e de negocio? Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	
¿Onde necesitaría que se creara solo empresarial...?	¿Onde necesitaría que se crearan locais comerciais e de negocio...?
>Local <input type="checkbox"/> >Comarcal <input type="checkbox"/> >Provincial <input type="checkbox"/>	>Local <input type="checkbox"/> >Comarcal <input type="checkbox"/> >Provincial <input type="checkbox"/>
¿Necesitaría novas infraestruturas e equipamentos? Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	
¿Cales?	
>Conexións con servizos aeroportuarios <input type="checkbox"/> >Conexións con servizos portuarios <input type="checkbox"/> >Estradas: Comunicacóns exteriores <input type="checkbox"/> Comunicacóns interiores <input type="checkbox"/> >Ferrocarril <input type="checkbox"/>	>Enerxía <input type="checkbox"/> >Auga <input type="checkbox"/> > Saneamento <input type="checkbox"/> >Recollida residuos <input type="checkbox"/> >Servizos de saúde <input type="checkbox"/> >Centros de formación <input type="checkbox"/>
¿Considera que a Mancomunidade debe ter orzamento e competencias?: Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	
¿Qué servizos deben depender da Mancomunidade?:	
Limpeza e tratamento de residuos <input type="checkbox"/> Transporte público <input type="checkbox"/> Infraestruturas <input type="checkbox"/> Parque Empresarial/Plataforma Loxística <input type="checkbox"/> Sanidade e servizos sociais <input type="checkbox"/>	
Valoración sobre a calidade dos servizos públicos: (escriba unha B para ben, unha M para mal, R para regular.)	
<p>♣ Admón. Local ----- ♣ Asoc. Produtores ----- ♣ Admón. Autonómica ----- ♣ Transporte público -----</p> <p>♣ Ordenación urbana ----- ♣ Obras públicas ----- ♣ Comunicacóns: telefonía/banda ancha -----</p> <p>♣ Servizos municipais ----- ♣ Servizos portuarios----- ♣ Tratamento de Residuos -----</p>	
Se considera algún outro problema relevante para a súa empresa, descríbanos.	

I+D+i.			
¿Inviste a súa empresa en actividades de I+D+i?		Si <input type="checkbox"/>	Non <input type="checkbox"/>
¿Qué porcentaxe aproximado dos gastos globais da súa empresa representan as actividades de I+D+i?			
¿Está desenvolvendo a súa empresa algún proxecto de investigación nestes momentos?		Si <input type="checkbox"/>	Non <input type="checkbox"/>
¿Considera interesante a creación dun centro de investigación para empresas do seu sector?		Si <input type="checkbox"/>	Non <input type="checkbox"/>
¿Qué porcentaxe aproximado do seu persoal participa en actividades de innovación?			
¿Cales son as fontes principais de financiamento do su I+D+i?	Axudas Públicas <input type="checkbox"/>	Patrocinio Privado <input type="checkbox"/>	Autofinanciamento <input type="checkbox"/>

NOVAS TECNOLOXÍAS.					
>Posúe sistemas informáticos	Si <input type="checkbox"/>	Non <input type="checkbox"/>	>A súa empresa posúe páxina Web	Si <input type="checkbox"/>	Non <input type="checkbox"/>
>Posúe conexión a Internet	Si <input type="checkbox"/>	Non <input type="checkbox"/>	>Ten correo electrónico.	Si <input type="checkbox"/>	Non <input type="checkbox"/>

Co fin de realizar unha diagnose sobre a situación produtiva e avaliar as prioridades das empresas a hora de tomar decisións, requírese analizar unha serie de **factores** que afectan directamente ás empresas, Valorándoos do 1 ao 5, onde 1 é o **máis prioritario** e o 5 o **menos prioritario**.

¿É clave a existencia dos seguintes factores?

	1	2	3	4	5
Cooperación entre empresas					
Formación do equipo da empresa					
Imaxe do municipio					
Marca de calidade dos produtos / servizos					
Ordenación do territorio e usos do solo					
Infraestrutura e equipamento					
I + D + i					
Profesionalización e modernización					
Financiamento e Apoios Institucionais					

Valore os seguintes aspectos

	1	2	3	4	5
Sustentabilidade e mellora dos recursos naturais de calidade existentes no municipio					
Apertura a mercados nacionais e internacionais					
Captación de investimentos foráneos					
Compatibilidade das actividades de turismo, industria e servizos entre elas mesmas					
Respecto ambiental das actividades de turismo, industria e servizos					
Mellora infraestruturas viarias dentro do municipio e conexión co resto da comarca e provincia					
Desestacionalización da demanda dos produtos e servizos de O Morrazo					
Trazabilidade dos produtos e servizos de O Morrazo					
Diversificación de actividades produtivas					
Incorporación de avances tecnolóxicos					
Formación de persoal					
Dotación de orzamento e competencias a un órgano supramunicipal na comarca de O Morrazo					
Potenciar a creación de un eixo económico e de infraestruturas entre O Morrazo, Pontevedra y Vigo					

Sinale os 5 principais obstáculos para o desenvolvemento empresarial da súa zona e a súa causa

A. Administracións Públicas B. Empresas

C. Sociedade

	A	B	C
1			
2			
3			
4			
5			

Sinale os 5 principais facilitadores para o desenvolvemento empresarial da súa zona e a súa causa

A. Administracións Públicas B. Empresas

C. Sociedade

	A	B	C
1			
2			
3			
4			
5			

Enumere as 5 accións máis urxentes e prioritarias a desenvolver na súa área e o axente económico que as debe levar a cabo:

A. As Administracións Públicas B. As empresas

	A	B
1		
2		
3		
4		
5		

Confederación de Empresarios de Pontevedra (CEP). *Informe de conyuntura de Pontevedra y Eurorregión Galicia-Norte de Portugal, 1º e 2º semestre 2009.*

Escuela de Negocios Caixanova / Fundación Deporte Galego: *Libro azul de la náutica, 2007.*

Instituto de Desarrollo Caixanova / Jorge González Gurriarán: *Foro Caixanova de estrategias empresariais. Cadenas de construcción y promoción inmobiliaria, actividades de la pesca y productos derivados del mar, productos de la agricultura y ganadería, 2004.*

Instituto de Desarrollo Foro Caixanova / Jorge González Gurriarán: *Foro Caixanova de estrategias empresariales, innovación e internacionalización de las empresas gallegas. Agrupación Empresarial Metal-Mecánica, setembro 2008.*

Seminario de Estudios Socioeconómicos de Pontevedra / José Pérez Vilariño: *Boletín socioeconómico Pontevedra siglo XXI, maio 2006.*

Confederación de Empresarios de Pontevedra (CEP): *La cooperación empresarial de segunda generación, xaneiro 2010.*

Xunta de Galicia: *Estudo sobre o traballo transfronteirizo na eurorrexión Galicia-norte de Portugal, 2010.*

Confederación de empresarios de Pontevedra (CEP): *Guía de cooperación transfronteriza en la Eurorregión Galicia-Norte de Portugal, 2005.*

Fundación Caixagalicia : *A economía galega, Informe 2009.*

Caja España: *Datos económicos y sociales municipios de España. Fichas Bueu, Cangas, Moaña, Morrazo, Pontevedra e Galicia, 2009.*

Instituto de Desarrollo Caixanova: *Atlas socioeconómico Galicia 2009.*

Sistema de Análisis de Balances Ibérico (SABI): censo empresarial.

Páxinas web

Instituto Nacional de Estadística: www.ine.es

Consellería de Traballo e Benestar : www.traballo.xunta.es

Consellería do Medio Rural: www.mediorural.xunta.es

Observación do sector da construción (Seopan) : www.seopan.es

Instituto Galego de Estatística: www.ige.eu

Asociación de Empresarios de Construcción de Pontevedra (Apecpo): www.apecpo.es

Confederación Nacional de la Construcción (CNC): www.cnc.es

Asociación de Promotores Inmobiliarios de la Provincia de Pontevedra (Aproin):
www.aproin.com

Asociación de Industriales Metalúrgicos de Galicia (Asime): www.asime.es

Informes do servizo de información empresarial do Consorcio da Zona Franca de Vigo
(ARDAN): www.ardan.es

Consellería do Mar da Xunta de Galicia: www.pescadegalicia.com

Organización de Productores de Mexillón de Galicia (Opmega): www.opmega.com

Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Pescados y Mariscos (Anfaco):
www.anfaco.es

Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino: www.marm.es

Unión Española de Construcciones Navales: www.uninave.es

Asociación Cluster del Naval Gallego: www.aclunaga.es

Portos de Galicia: www.portosdeg Galicia.com

Puertos del Estado: www.puertos.es

Concello Bueu: www.concellodebueu.org

Concello Cangas: www.cangas.org

Concello Moaña: www.concellodemoana.org

Mancomunidade de Concellos do Morrazo: www.mancomunidadedomorrazo.org